



### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DIA 05 DE DECEMBRO DE 2016.

#### ASÍSTENTES:

##### **Alcalde-Presidente**

D. XOSE CARLOS VALCARCEL DOVAL ( PSdeG-PSOE)

##### **Concelleiros/as**

D. VICTORIA MORENZA DOFORNO ( PSdeG-PSOE)

D. MARGARITA PEREZ FERNANDEZ ( PSdeG-PSOE)

D. JOSE RAFAEL SIERRA CARRIL ( PSdeG-PSOE)

D. ADRIAN VARELA VAZQUEZ ( PSdeG-PSOE)

D. XOSE MANOEL FIRVIDA PRAZA (BNG)

D. ANXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PEREZ (BNG)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> CONSUELO VISPO SEARA (P P)

D. MANUEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ (P P)

D. JUAN CARLOS VILLANUEVA FERNÁNDEZ (P P)

D. NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. MANUEL ANGEL FERNÁNDEZ QUINTAS (PP)

D. MIRIAM PRIETO VALDES (PP)

D. JULIA JACOME PÉREZ (D.O.)

D. RAMÓN PADRÓN CALVIÑO (GRUPO MIXTO)

##### **Ausentes:**

D. SERAFINA VARELAS VIEIRA ( D O)

##### **Secretaria Xeral**

D<sup>a</sup> Silvia Alonso Fernández

*No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 19:30 horas do día 5 de decembro 2016 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presideancia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.*

Comprobado que existe quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procedese á análise dos puntos da orde do día.



### PARTE RESOLUTIVA

#### 1- APROBACIÓN DAS ACTAS DO 5 DE SETEMBRO E 3 DE OUTUBRO DE 2016

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Boas tardes a todas e a todas benvido ó público asistente grazas por estar presentes, e polo interese por este Pleno. O primeiro punto da orde e a aprobación das actas do 5 de setembro e 3 de outubro de 2016. Votos en contra, abstencións, votos a favor.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “**Aprobación das actas do 5 de setembro e 3 de outubro de 2016**”

#### 2- APROBACIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES A 1 DE XANEIRO DE 2016.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O seguinte punto da orde do día é a aprobación do Padrón Municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 2016. O primeiro que hai que dicir aquí con relación a este documento é que é un documento que nos facilita o Instituto nacional de estatística e que ten mero carácter informativo é que non é recurrible. A poboación do noso Concello a 1 de xaneiro de 2016 é de 10.638 habitantes, sinalar que a día 1 de xaneiro 2015 ascendía a 10.463 polo tanto hai un incremento de 175 persoas no noso Concello. Votos a favor, unanimidade.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “**Aprobación do Padrón Municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 2016 en 10.638 habitantes**”.

#### 3- LEVANTAMENTO DE REPARO RELATIVO Á TRAMITACIÓN DA TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 17/2016.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O terceiro punto da orde do día Levantamento do reparo relativo á tramitación da transferencia de crédito 17/2016. Unha das principais obrigas do Concello é a de prestar o servizo de seguridade pública na procura de que o desenvolvemento da vida comunitaria discorra dentro das canles do estado de dereito e dentro da harmonía que debe guiar a convivencia cidadá. A autoridade municipal debe realizar accións que garantan o benestar e a seguridade da poboación así como a dos seus visitantes polo tanto temos a responsabilidade de manter a orde e paz pública así como velar como a tranquilidade da comunidade e por suposto garantir a integridade física da cidadanía. Estou a falar dun servizo básico e esencial e absolutamente prioritario. A Policía Local de Barbadás desenvolveu ó longo de 2016 múltiples labores en hora fóra da súa quenda e que se



axustan ós criterios antes descritos, os seus traballos estaban coordinados dentro da actividades de especial interese para o Concello e tamén para a veciñanza que en todos os casos era imprescindible garantir o correcto funcionamento das mesmas, actividades que ademais serven para coñecer Barbadás e as súas potencialidade e tamén para favorecer a actividade económica en especial o comercio e o turismo, falo do entroido, das festas patronais e da carreira popular de A Valenzá, romaría do San Bieito e falo do desfile da Banda de música, do festival de rock e tamén do rally mixt, son todas elas actividades que non poderían haber sido desenvolvidas sen a presenza da Policía Local, tres exemplos concretos nas festas de A Valenzá houbo que realizar 67 horas adicionais, no Tangaraño rock 19, e fóra de quenda no entroido outras 30. Como todas e todos sabemos xa que estábamos presentes boa parte destes eventos tiveron unha gran afluencia de público polo que resulta imprescindible a ampliación de quendas da Policía Local para evitar calquera tipo de problemas relacionados coa seguridade pública e viaria, todo á vez que os efectivos da Policía Local fixeron labores que estaban fóra da súa xornada debemos ter presente que podería existir un enriquecemento ilícito da administración destacando e subliñando que se trata dun servizo básico prioritario en favor do mantemento da seguridade viaria de integridade física da cidadanía son as razóns fundamentais polo que traemos esta cuestión aquí a Pleno. ¿Intervencións?. Si por favor.

**A sra. González toma a palabra (BNG):** Desde o punto de vista do BNG queremos aclarar o seguinte, en primeiro lugar expresar.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Entón entendo que debería intervir primeiro

**A sra. González toma a palabra :** Pero é que vamos a levantarnos, entón quería explicar por que nos levantamos. En primeiro lugar expresar a nosa conformidade co feito de que se paguen as horas que os traballadores e traballadoras de calquera área realizan fóra do seu horario laboral. Desde esta premisa que queremos deixar manifestamente clara consideramos a nosa obriga poñer sobre a mesa as seguintes cuestións: ademais da Policía Local, que evidentemente realiza un traballo absolutamente necesario e esencial no Concello por motivos obvios, existe outro colectivo no que dous dos seus traballadores teñen acumuladas máis de 180 horas fóra do seu horario laboral e que conseguiron co seu esforzo altruísta, poñer a Barbadás no mapa cultural de Galiza ao longo deste ano. Refírome a Santi e Alfonso que cada semana levan a cabo unha serie de tarefas para que a Cultura teña presenza neste Municipio. Traballos que se teñen realizado tanto dentro da Casa da Cultura como en espazos abertos e que suman como xa dixen máis 180h. Neste caso, ademais temos que ter en conta a súa produtividade no relativo á realización de traballos técnicos que solventan eles mesmos aforrándolle



ao Concello un diñeiro que doutro xeito teríamos que contratar con empresas externas. Ademais disto, debemos ter en conta a súa dispoñibilidade para solventar problemas ocasionados desde outras concellarías en momentos puntuais, sendo quen de dar resposta eficaz ante baixas doutros traballadores ou traballadoras a traballos que inicialmente non lle corresponderían. Por outra banda, cabe destacar que os e as traballadoras da Casa da Cultura sempre se mostraron colaboradores con aquelas concellarías que o teñen solicitado a súa sen que iso vaia en detrimento dos obxectivos marcados desde a área á que pertencen. Isto mesmo ocorre con outros e outras traballadoras doutras áreas que seguro se poderían mencionar neste Pleno que en maior ou menor medida contribúen, mesmo fóra de horario a que o Goberno municipal cumpra os seus obxectivos. Consideramos pois, que tanto a Policía Local como os traballadores da Casa de Cultura, e de ser o caso, outros ou outras, deberían ser tratados desde o goberno municipal coa mesma vara de medir, considerando que o feito de que sexa unicamente gratificada a Policía Local é un agravio comparativo a respecto doutros traballadores e traballadoras que destacan tanto pola súa produtividade como pola súa dispoñibilidade horaria. Tendo en conta isto e o feito de que exista un reparo por parte de intervención, desde o BNG consideramos que a fórmula máis axeitada sería recoñecer tanto a dispoñibilidade horaria como outros complementos destes traballadores e traballadoras e, dado que non é esta a fórmula que se trae ao Pleno, senón un Decreto da Alcaldía, a nosa decisión é ausentarnos do Pleno neste punto.

Neste momento auséntanse do salón de Plenos o Grupo municipal do BNG

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Don Ramón ten a palabra.

**O sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto):** Como este tema xa veu a Pleno no seu momento había unha votación en contra anunciada nós segundo informe verbal e escrito da Secretaría da legalidade do asunto pois estamos a favor do levantamento do reparo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Grazas. Julia. Voceiro ou voceira do Partido Popular.

**A sra. Vispo toma a palabra (PP):** A nosa manifestación xa quedou clara nos outros Plenos anteriores o Grupo Popular se vai a abster, o que non entendo creo que debo dicir ao Bloque Nacionalista Galego porque o agravio si que é comparativos soamente con unha concellería mentres que outras concellarías deste Concello incluído se mo permite Chema que está aquí con nós, entendo que vamos a ver é a persoa que realmente fai horas neste Concello, a Escola de música, as asistentes sociais, hai cantidade de xente neste Concello que está facendo horas de máis, entón o agravio comparativo estano facendo eles soamente e non teño nada en contra da Casa de Cultura pero aparte



diso, hai moitos traballadores desta santa casa no mesmo incluso pois podemos dicir técnicos desta casa, e vemos como están os servizos aquí nas oficinas municipais, entón non entendo se queren chamar a atención que a chamen doutra maneira pero xa vemos que. O Grupo Popular o que sigo dicindo é que e perdón porque collín a palabra e non lles din as boas noites aos asistentes aquí acompañándonos ao Pleno, perdón, pero como dixen antes o Grupo Popular si vai a absterse, é consecuente co que di sempre.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Eu aquí quero facer simplemente un recoñecemento a todas as traballadoras e traballadores do Concello que fan evidentemente un esforzo para facer un bo traballo para sacar este Concello adiante para loitar por eles. Simplemente esta razón pola que se trae este reparo, o levantamento deste reparo é porque é un servizo público esencial é que desde logo ten unhas consecuencias no que afecta e no que atinxe ó desenvolvemento doutras actividades e que hai unha especial razón a integridade física dos nosos conveciños e conveciñas, nada máis. A señora Secretaria quere facer unha precisión.

**A sra. Secretaria toma a palabra:** No momento no que determinados Concelleiros se ausentan do Pleno a votación se entende como abstención.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Algunha intervención adicional. Señor Ramón?.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Dicir que si outros traballadores do Concello precisan tamén dun levantamento do reparo para que cobren unhas pluses, ou sexa, que realmente estean xustificadas pois nós tamén estaríamos de acordo, estamos debatendo neste punto é en relación á Policía Local.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Democracia Ourensana. Señora Chelo Vispo.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Neste caso tamén temos que dicir que o Grupo Popular apoiou sempre á Policía Local, entendemos que hoxe coas 10.638 habitantes que temos e que traemos a Pleno agora mesmo empadroados, cremos que son poucos os efectivos que temos que xa fan horas de máis e que todos saben o problema que agora mesmo o Grupo de goberno estando na oposición non podíamos pagarlles as horas extras, pagámoslle doutra maneira, collían días e o que se podía, porque non tiñamos partida para elo, pero que quede moi claro que o Partido Popular intenta apoiar sempre á Policía Local porque cremos que hoxe os efectivos son poucos e xa diremos máis adiante que cal é a nosa achega a este tema e cremos que a seguridade na cidadanía de Barbadás é fundamental e nada máis, dicir iso. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non vou a entrar en polémica en relación a este tema concordo con vostede en que o persoal da Policía Local é insuficiente, que hai que buscar algún tipo de posibilidade



para arranxar esa situación estamos nela, vostedes saben perfectamente que ó longo deste ano previuise no orzamento a contratación dunha praza de Policía Local pero non foi viable, seguiremos traballando no asunto porque nós tamén concordamos en que a situación non é lóxica nin razoable. E que se está traballando para rematar a RPT para ter un previsión de futuro para o desenvolvemento dos recursos humanos no noso Concello. Votos a favor en contra , abstencións, votos a favor.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PSdeG-PSOE e Grupo Mixto e as abstencións de BNG, PP e Democracia Ourensana o seguinte acordo: **“Levantamento de reparo relativo á tramitación da transferencia de crédito 17/2016”**

#### **4- PREZO PÚBLICO NIDOS EMPRESARIAS**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O cuarto punto da orde do día é o prezo público dos niños empresariais. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

**O sr. Fírvida toma a palabra (BNG):** Boas tardes a todas e a todos. No Centro empresarial transfronteirizo creamos tres niños de empresas para que aquelas persoas que necesiten establecer algún proxecto emprendedor no noso Concello, ben de fóra do noso Concello teñan un espazo para poder levalo a cabo. Son tres oficinas que se porán a disposición de todos aqueles que o soliciten para elaborar un proxecto de empresa. A ordenanza temos previsto traela a este Pleno no mes de xaneiro pero antes diso queríamos traer un prezo público para a utilización deses espazos, temos aprobada unha ordenanza de utilización de espazos públicos do Centro empresarial transfronteirizo que se se aplicase a unha empresa que vai estar todos os días do ano situada nese Centro empresarial o prezo sería disuasorio para as empresas que quixeran establecerse aí, polo tanto, desde Intervención fíxose un estudo financeiro de cales serían os custes que se lles podería aplicar en función dos metros cadrados que ocupan dentro do Centro, e decidiuse aplicar unha cota mensual de 10€, por cada un dos niños, nós cremos que é unha cota a mínima posible para que ninguén se vexa imposibilitada de realizar o seu proxecto empresarial nestes niños por unha cuestión de diñeiro.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Estamos de acordo co prezo que se estipula pois cobre os custes indirectos que son de luz e calefacción, consideramos que a medida é boa, o Concello ten que articular iniciativas para favorecer dentro das súas posibilidades o acceso da xente ao mercado laboral, estas oficinas a un custe de 10€ ó mes supoñen unha oportunidade para aquelas persoas que queiran emprender por si mesmas un proxecto. Persoalmente considero unha medida positiva pois eu mesmo



un día decidín crear o meu propio posto de traballo, vin a preguntar ó Concello e non había ningún tipo de iniciativa neste sentido. Dicur que o emprendedor de verdade non deixa de tirar para adiante, porque un concello non dea axudas pero si é importante contar con este servizo realmente é un aliciente máis para botarse a andar. Desexamos que este investimento que acabamos de facer de 21.000 € nestas tres oficinas segunda a acta da Xunta de Goberno unidos ós 20.000 € de axudas a emprendedores que fixen os seus negocios en Barbadás sexan un éxito, e haberá que facer balance como é debido dentro dun ano deste investimento por parte do Concello.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Grazas Ramón. Ten a palabra a voceira de Democracia Ourenzana. Nada que dicir. Ten a quenda de palabra a voceira ou voceiro do Partido Popular.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Nós o Grupo Popular vámonos abster no prezo público dos niños empresariais non cremos nisto, sinceramente hoxe cando estudamos o tema seguimos pensando que eu creo que o que faría o Partido Popular é coidar aos empresarios que están neste momento e aparte de incentivar aos que veñan doutra maneira que o diremos máis adiante entendo que debemos de coidalos que xa están para que non pechen, iso é a nosa postura neste momento. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Dende logo hai que coidar aos empresarios que están na actualidade, neste Concello de Barbadás é a primeira vez na historia que se establece unha subvención de axudas para a creación de novas empresas e novos comercios para a creación de emprego en Barbadás este ano 2016, 20.000 €, 24.000 € que van nos orzamentos do ano 2017, en todo caso é unha obriga das Administracións públicas traballar polo fomento do emprego e o desenvolvemento económico, nós temos un Centro empresarial transfronteirizo que entendíamos que ten unha situación moi acaecida preto da cidade de Ourense, e en moi boas conexións coas vías de comunicación e estaba desaproveitado, tiña un espazo no primeiro andar que podíamos aproveitar para que tres empresas, para que tres proxectos empresariais poidan desenvolverse e poidan traballar en Barbadás ou en outro concello da provincia de Ourense. Quero lembrar que os últimos estudos realizados sobre niños de empresas confirmar que as empresas teñen unha media de fracaso do 46%, mentres aquelas empresas que se establecen en niños de empresas teñen unha media de fracaso do 9%, polo tanto tanto tamén se trata de garantir o éxito nun proxecto empresarial, e por outra banda tamén está demostrado por estudos estatísticos que aquelas comarcas que contan con niños empresarias reducen a súa taxa de desemprego un mínimo dun 2%, polo tanto nós creamos estes niños de empresas porque entendemos que vamos a facilitar o emprego no noso Concello e ese ó sentido deses niños.





**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. O señor Ramón Padrón.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Simplemente recalcar que a iniciativa é boa, temos que poñer, temos que ter sempre neste Concello aínda que sexa humildemente algún tipo de axuda para alguén que queira emprender e que necesite un pequeno empuxón, xa digo pequeno porque isto non vai a facer que se teña éxito ou non, pero ten que haber algo que non pode chegar alguén ao Concello e dicirlle que non temos nada, pero tamén queremos recalcar dende o noso grupo que isto ten que ir acompañado de dotar ao Concello dunha área comercial ou industrial para que as empresas xa non só que se poidan crear senón, a que xa está afincada no Concello se queiran ampliar o seu negocio tiña e dun lugar onde poder colocar a súa nave, o seu almacén, ou o que necesite para expandir o seu negocio e non se nos escape a outros concellos. Nada máis.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Señora Julia. Señora Chelo Vispo.

**A sra. Vispo toma a palabra:** O Grupo Popular como xa dixen en anteriores mocións que trouxemos, nós apoiamos como dixo o señor Padrón neste momento, chan industrial o que realmente para potenciar o que faría o Grupo Popular para potenciar o emprego sería pois fomentar ese chan industrial para que empresas veñan ao Concello de Barbadás e dar emprego á poboación do Concello ou de fóra, pero crear emprego. Eu cando fora a subvención que o señor Fírvida, o señor Tenente Alcalde fai uns meses, fai dous, tres meses, trouxo a este Pleno, eu díxenlle que realmente unha empresa creala hoxe un autónomo o señor Padrón é autónomo ten a súa empresa, non sei se é autónomo, perdón, podía ser, entón a ver, un autónomo hoxe crear a súa propia empresa 2.000 € non lle chegan a case nada, a case nada, dez empresas hoxe no Concello de Barbadás, eu díxenlle no seu momento eses tres meses vostede sabe que cantas empresas solicitaron a axuda, entón, este ano vamos facer un seguimento igual teño que retroceder, sabe que o Grupo Popular igual que suma, igual temos que retroceder e darlle os parabéns, neste momento nós non cremos neste proxecto, cremos en que hai que manter o que xa, manter aos comerciantes a darlles axudas a eles para que sigan adiante que a necesitan, non como incrementarlles os gastos para que as terrazas dos hostaleiros que logo direi máis adiante, pois case 4.000, catro mil e pico euros que lles desembolsaron para adaptarse ás súas ordenanzas, entón entendo que hai que coidar aos que xa temos, incentivar, doutra maneira, eu creo que o ideal sería chan industrial e que as empresas quixeran vir a Barbadás pero por esas axudas a grandes empresas que si podemos darlles, e nada máis. Nós a abstención xa llo dixen que é o que vamos a votar. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Polo tanto sométese a votación este punto da orde do





día. Votos a favor, abstencións, por tanto non hai votos en contra.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto e abstencións do PP e Democracia Ourensana o seguinte acordo: **“Prezo público nidos empresariais”**

### 5- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO PARA O ANO 2017

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos ó seguinte punto da orde do día é a aprobación inicial do orzamento para o ano 2017. Hoxe traemos a debate a aprobación inicial deste orzamento que segundo o orzamento que se presenta por parte deste Goberno. Falamos dun documento que é unha ferramenta de traballo imprescindible para administración financeira que constitúe a base para o planeamento dos proxectos e liñas estratéxicas do próximo ano, antes quería facer un inciso, o tempo preguntaba vostede canto tempo se ía destinar, penso que 8 minutos na primeira intervención e 4 minutos na segunda. Podémolo ampliar a 10 minutos e 5 sempre e cando por favor non haxa intervencións e interrupcións entre todos vostedes, creo que é un debate ordenado, creo que debe ser un debate ordenado, fluído cada un que expoña as súas posturas e as súas opinións de xeito cívico, e que non haxa interferencias nas opinións de cada quen entón nese caso serían 10 e 5, ¿de acordo?, ¿estamos de acordo todos?, ¿parécelles ben?

**A sra. Vispo toma a palabra:** Por suposto que vostedes saben que nunca se puxo un tope, a ver entón entendo que si eses 10 minutos, eu o que traio máis ou menos está sobre ese tempo entón se me estendo dous minutos máis que me deixe.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non haberá problema, pero o que pido é que sexa un debate organizado e cívico. Quero dicir que non haxa interrupcións, que non haxa altercados, cada un pódese expor as súas opinións libremente evidentemente, pero sen interferir nas dos demais. Estamos a falar dun documento que é unha ferramenta de traballo imprescindible para a administración financeira e que nos sitúa a base para o planeamento dos proxectos e liñas estratéxicas do próximo ano. A partir dos recursos que dispoñamos e o destino que se lles dea concretaranse os servizos, actividades, e investimentos que se pretenden abordar ó longo do 2017. Tamén evidentemente afectará aos recursos humanos do noso Concello, presentamos un documento orzamentario que mantén vixentes os parámetros básicos que se aplicaron ó longo do orzamento do ano pasado, ou do ano en curso, que eran a transparencia, optimización de recursos, a potenciación dos servizos sociais, eliminación do gasto innecesario, o equilibrio territorial e a posta como se está vendo que o presentou hoxe o señor



Tenente Alcalde a posta pola actividade económica e a elo queremos engadir unha aposta máis que a da redución da presión fiscal, é un presuposto rigoroso sen sorpresas fiable, serio, comprometido cara a transformación do noso Concello. Queremos garantir basicamente os servizos públicos que xa están en marcha, tantos os que había no seu momento máis o que se implementaron ó longo deste ano e se é posible incrementalos. Aquí hai que facer unha mención especial a que solicitamos ó goberno central unha redución dos valores catastrais para o ano que ven dun 8%, o que suporá que o orzamento contemplará soamente un incremento dos valores catastrais o da recadación por IBI por 12.000 €, cando en anteriores anos fora de practicamente de practicamente 350.000 €, isto evidentemente repercute de xeito moi importante nos petos dos veciños. Mantéñense conxelados os impostos e as taxas dos prezos públicos polo tanto a presión fiscal sobre os nosos conveciños e conveciñas reducirase, facendo unha aposta porque eses veciños e veciñas podan incrementar a súa calidade de vida. Dicar que no orzamento que se elabora en base a criterios de sustentabilidade financeira, eficacia e eficiencia. Habará, complementarase unha serie de iniciativas ó longo do ano 2016 que se manterán ó longo do 2017, as actividades que se pretenden aportar e desenvolver con este orzamento e queren que este Concello sexa un Concello chamado a ser a distinguirse dentro da provincia como un Concello participativo integrador aberto solidario, educador, cultural e respectuoso con todas as persoas, acorde ás esixencias dunha sociedade moderna é un orzamento que supón un incremento dun 0,12 % en relación ao orzamento do ano anterior, e quero facer un chamamento tamén aquí, é un chamamento cara todos os partidos se facemos unha comparanza entre o orzamento do noso Concello e outros concellos de pouca máis poboación ca nosa os ratios para o noso Concello son moi negativos, falo de concellos como Verín, e ao mellor O Carballiño, e O Barco que teñen un orzamento que ronda os 10.000.000 €, e nós temos un orzamentos que ronda os 6.000.000 isto sometido a unha situación de crise económica e de recortes implica que os concellos son os que máis sofren a austeridade polo tanto non poden mellorar a súa situación en canto a servizos cara os veciños e veciñas, polo tanto reclamamos desde aquí unha mellora do financiamento para os nosos concellos.

Neste momento entra no Salón de Plenos D. Juan Carlos Villanueva Fernández

**O sr. Alcalde prosegue na súa intervención:** Pouco máis, dicir que é un orzamento que quere dar cobertura e cumprimento ós compromisos adquiridos e os compromisos cos nosos veciños e veciñas a nivel electoral, e agradecerlle a todos o esforzo a todos os traballadores e traballadoras o esforzo que



realizan, e que son uns orzamentos finalmente que teñen como obxectivo defender o proxecto para un Barbadás moderno, plural e igualitario, que queremos impulsar o apoio en conxunto da cidadanía. Señor Tenente Alcalde ten a palabra.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Algunhas das cousas que tiña previsto dicir xa as dixo o señor Alcalde, pero terei que ampliar, repetir algunha das cousas. O Concello de Barbadás, os orzamentos do Concello para o ano 2017 pasan de 6.206.204 do ano 2016 a 6.279.895 € unha subida de 73.691 € que supón 1,17% máis que o ano anterior. Estes orzamentos reflicten sen dúbida que son uns orzamentos absolutamente raquíuticos para prestar servizos a unha poboación de arredor de 11.000 persoas censadas e de máis de 13.000 persoas reais vivindo no noso Concello o feito de que sexan uns orzamentos raquíuticos deriva sen dúbida de 28 anos de goberno do Partido Popular que ligou todo o crecemento do Concello de Barbadás ao urbanismo, é dicir, limitou absolutamente ao Concello a urbanismo, á construción, e ás inmobiliarias, o que provocou que cando se morreu a galiña dos ovos de ouro non teñamos máis ingresos que aqueles que proveñen da participación dos ingresos do Estado, nas transferencias da Xunta de Galicia, e das transferencias directas que nos fan as familias do noso Concello, a pesar de todo iso, a pesar de que son uns orzamentos raquíuticos para prestar servizos a 13.000 persoas cunha franxa de idade moi nova, somos uns dos Concellos máis novos de toda Galiza e isto nos obriga a prestar servizos a moitos nenos e nenas en idade de preescolar, a servizos complementarios e educativos para os nenos de infantil e primaria, para a xente nova, para a mocidade, para a xente de mediana idade e sen esquecer ás persoas maiores do noso Concello, e como digo a pesar de que son uns ingresos raquíuticos temos que cadrar as contas e compaxinar os ingresos cos gastos. Consequímolos sen subir a presión recadatoria do noso Concello, conxelamos todas as taxas, todos impostos, e todos os prezos públicos de Barbadás, absolutamente todos agás o imposto sobre bens inmobles que se vai a ver reducidos os valores catastrais un 8% como explicaba o señor Alcalde porque nos podemos acoller á maior das bonificacións que se nos permiten por parte do Ministerio de Facenda que é aplicar o coeficiente do 0,92 aos valores catastrais do Concello de Barbadás. Esta aplicación deste coeficiente do 0,92 nos valores catastrais vai supor que por recibo do imposto de bens e inmobles para o ano 2017 se vaia a ver reducido un 8% respecto a aquel que sería o que se nos cobraría se non aplicásemos esta redución nos valores catastrais. Os obxectivos destes orzamentos son obxectivos sociais, cando elaboramos estes orzamentos os membros deste Goberno, puxémonos de acordo que tiña que prevalecer os servizos sociais, a atención á cidadanía por enriba de outra calquera consideración tiña que prevalecer a asistencia social, a atención ás familias que peor o



están pasando nestes momentos de crise económica que outras cuestións que non podemos esquecer, lóxicamente como pode ser as obras, os parques, os xardíns, outras actividades educativas, culturais, deportivas, por suposto que vamos a seguir ofertando todas esas actividades, tamén actividades comerciais, pero para nós era prioritario por enriba de todo favorecer o gasto en asuntos sociais, e así temos previsto abrir no ano 2017, un punto da atención da infancia na parroquia de Bentraces, cun dobre obxectivo, por un lado desconxestionar todos os servizos que se están prestando historicamente no núcleo de A Valenzá que é o máis poboado polo tanto é lóxico que se presten aí moitos dos servizos pero queremos levar moitos dos servizos públicos de A Valenzá ao rural do noso Concello e cremos que esta é unha boa oportunidade para crear un punto de atención á infancia nunha parroquia como é a de Bentraces, e ademais cumpriría un segundo obxectivo, todos os anos a Escola infantil de Barbadás móstrase insuficiente para recoller toda a demanda de nenos e nenas do noso Concello que necesitan unha praza nesa Escola infantil e con ese punto de atención á infancia cubriríamos parte desas necesidades, nós cremos polos datos que temos de anos anteriores que cubriríamos todas esas necesidades e polo tanto, atenderíamos toda a demanda de escolas infantís no noso Concello. Incrementamos as axudas para familias que necesitan polo tanto tamén escolas infantís, incrementamos os fondos para o banco de alimentos, incrementamos as axudas de emerxencia social e atencións benéficas, incrementamos as axudas para aquelas familias que teñen algún familiar con algún tipo de problema alimenticio, multiplicamos por dous as partidas que había no ano 2015 o diñeiro adicado a estas partidas respectos ao ano 2017, e ademais nos acollemos a unha liña de subvencións para poder dispensar medicamentos a aquelas familias que se atopan en problemas económicos en problemas de risco social. Fomentamos tamén a creación de emprego como quedou claro antes co nacemento dos niños pero tamén vamos a repetir axuda de 24.000 € para as empresas que se establezan no noso Concello durante o ano 2017, vamos a seguir participando na formación dos desempregados do noso Concello, vamos a seguir transformando a cultura de Barbadás nun proceso que eu cualifico de absolutamente revolucionario, un proceso galeguizador pero cultural sen ningún antecedente no noso Concello elaboramos tamén actividades comerciais utilizando sobre todo a experiencia e o traballo e a ilusión da Concelleira de comercio e pomos en marcha todos os servizos deportivos e educativos que o noso Concello demanda, e o facemos a pesar de varias trabas moi graves que temos hoxe no noso Concello, e quero facer referencia a algunha delas, a primeira é que temos que reservar 86.000 € dos orzamentos para o incremento do servizo de recollida de residuos sólidos en Barbadás, que vai a pasar de 384.000 € no ano 2016, a 470.000 € no ano 2017, este 86.000



€ de incremento no servizo do lixo da recollido do lixo do noso Concello deriva dunha concesión realizada polo Partido Popular no ano 2007, concesión realizada por 25 anos, hoxe sería unha concesión ilegal pero naquela altura non o era, e esta concesión establecía unha cláusula pola que a empresa concesionaria de forma unilateral podía modificar a cobranza deste servizo ó Concello de Barbadás en función do incremento da poboación as consecuencias daquela concesión as consecuencias daquela privatización realizada polo Partido Popular no ano 2007, e realizada por 25 anos nos vai custar para o ano 2017 e vindeiros, se as negociacións do grupo de goberno non chegar a bo fin, 86.000 € máis cada un dos anos que nos quedan ata o ano 2032, 86.000 € máis, e por outro lado tamén quero facer referencia a que a pesar de todo isto reducimos o gasto de persoal, o gasto de persoal do Concello de Barbadás por primeira vez redúcese nunha pequena cantidade 11.750 € a pesar de que temos establecido un incremento lineal do 1% para todas as funcionarios e funcionarios do Concello, para persoal laboral e para persoal temporal do Concello de Barbadás, e por último quero facer referencia aos órganos de goberno como era unha promesa electoral deste grupo de goberno queremos cumprir coa nosa promesa electoral e as contas están á luz de todos os cidadáns deste Concello para que as comprobem, os membros deste grupo de goberno con adicación exclusiva reducen o gasto respecto ao grupo de goberno que había neste Concello no ano 2015 en 35.800 €, o que supón unha redución do 24,86 %, esa era a nosa promesa, e este é o noso obxectivo, rebaixamos o gasto o grupo de goberno con adicación un 24,86 %, e reducimos o gasto total da corporación municipal nun 5,83%, a pesar de que pasamos de 13 concelleiros e concelleiras a 17 concelleiros e concelleiras, é dicir, incrementamos o número de membros nun 30% e reducimos o custe desta Corporación Municipal nun 5,83%. E por último permítanme que faga referencia a unha cuestión o transporte en Barbadás, o transporte público neste Concello nos costa a todos os veciños e veciñas 347.000 € cada ano, do que recuperamos vía ingresos pola venda de bonobuses 150.000 €, o que supón unha perda de 197.000 € anuais e transporte público, polo tanto eu solicitaría á Xunta de Galicia que o máis breve posible poña máis en marcha o transporte metropolitano para axudar a veciñanza deste Concello a limitar un pouco o gasto neste tipo de gasto. Grazas.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Moitas cousas que queríamos nomear xa as nomeou o Alcalde e o Tenente Alcalde, pero queremos facer constar en primeiro lugar que este orzamento que nos presenta hoxe a aprobación inicial prometeuse hai un ano do borrador do orzamento con máis antelación e non se fixo, ou sexa, non se fixo, aínda se presentou en menos prazo que o anterior. O noso grupo logo do respaldo dado ó orzamento actual en vigor non foi chamado a achegar as súas achegas ou



discrepancias coa elaboración do novo, lembrar aquí que senón é polo noso voto a favor no Pleno extraordinario do mes de novembro do ano pasado o grupo de goberno actual non podería haber traballado cun orzamento de 700.000 €, máis dos que dispuxo os gobernos do Partido Popular en anos anterior, sen embargo, o noso grupo de aquelas actuou con responsabilidade e deu co seu voto a favor, non abstención a favor, a unhas contas que non eran as nosas tampouco senón as de vostedes, fixémoslo por cumprir coa veciñanza para que este grupo de goberno tivera os cartos para prestar os servizos e resolver os problemas do día a día que a cidadanía reclama, compre lembrar isto. Presentounos por contra o orzamento xa feito e só se nos invitou a explicárnolo sen máis. O goberno ao noso entender nalgúns casos segue a actuar de maneira pouco dialogante na busca de achegas sobre todo pensando que non representa a maioría real dos cidadáns volvan á vista atrás de vez en cando e recorden porque están aí sentados, aparte de polos seus propios méritos. Este Concelleiro aquí presente como representante da xente que nos votou lle entregamos esa confianza, non están aí por graza de Deus nin para aplicar en exclusiva o seu programa, o orzamento como xa se dixo aquí ascende a 6.279.000 €, 73.000 € e pico máis ca do ano anterior, senón houbésemos levantado a man o ano pasado vostedes traballarían cun orzamento de 5 millóns e medio e non 6.200.000, e como tamén dixo o señor Alcalde este orzamento comparado con O Carballiño cunha poboación practicamente igual á de Barbadás, O Carballiño dóbranos case o presuposto máis de dez millóns de euros, Allaríz coa metade de poboación e case ten o orzamento que ten Barbadás, pero neste caso porque teñen polígono, cascos históricos, e por iso pensamos que recadan máis, polo tanto é importante que este Concello traballe como se falou tamén antes aquí no tema de buscar a creación dunha área comercial e industrial cantos antes, poñer terreos a disposición para que calquera empresa que queira vir a montar en Barbadás poida ser efectiva e cobremos canto antes ingresos que nos poidan aumentar o orzamento. Os ingresos de Barbadás como tamén dixo antes o Tenente Alcalde entre o IBI 2 millóns e medio e a participación dos tributos do Estado e das Comunidades Autónomas, outros 2 millóns e medio, é o que cobren os ingresos. Hai que dicir que os 30.000 € da Deputación son irrisorios o que nos da, ao parecer por informacións que nos deron en Comisión Informativa vía reunións co grupo de goberno prometeunos cousas que non sabemos se se van a cumprir, pois non están escritas en ningún papel como sería un orzamento, a Deputación ten que ter en conta o volume que ten este Concello e debería actuar en consecuencia, aquí cabe neste punto o tema do transporte metropolitano, aprobado o convenio a primeiros de ano prometidas a súa posta en funcionamento antes das eleccións autonómicas do mes de setembro, pero esfumouse, e esfumado está, houbese repercutido como ben



dixo o Tenente Alcalde hai un pouco en que teríamos máis ingresos e non volveríamos a gastar os 347.000 € outra vez este ano, ou sexa que nese tema seguimos igual, a recollida de residuos tamén expuxo o señor Tenente Alcalde obríganos a aumentar o gasto 86.000 €, o único que nos queda facer é revisar ese contrato coa empresa e a ver que solución se lle da, esperemos respostas. Outra cousas que nos chama a atención do orzamento e que se reduce o gasto en parques e xardíns menos 6.600 €, non entendemos que cos problema que houbo este ano coa limpeza dos espazos públicos ao aire libre se reduza o orzamento neste capítulo. Compraron vostedes unha motobomba o ano pasado para Protección Civil de aí a merma de 9.000 € neste apartado, dicir que esa motobomba está aí aparcada deteriorándose e supón un custe que puidemos haber investido en máis protección social como era o obxectivo fundamental do goberno, protección de animais, ou na compra non xa doutro tractor como nós propuxemos nun principio, senón que o equipo de desbroce que leva adaptado o actual tractor que funciona mal. Medra o gasto en administración xeral de deportes 33.400 €, pero non para contratar máis persoal que posibilite abrir o polideportivo o fin de semana feito inaudito este, senón para reservar cartos segundo din o señor Baltar se vai a dignar a gastar un céspede de novo para o campo dos Carrís que conta cunha escola municipal, e un equipo o máis representativo da provincia e canto á categoría na que milita, pola contra a Deputación financia campos de herba artificial ou natural onde non existen escolas de fútbol nin case equipos, véxase o caso de Muíños, Vilamarín ou Arnoia. Non compartimos tampouco o gasto no apartado de vías públicas, a redución, ou sexa a redución non senón o gasto no apartado de vías públicas e benestar comunitario que así se denomina a política de gasto 16, fíxense ben no nome, benestar comunitario, debería ser maior ao noso entender pois é o principal servizo ao que está obrigado este Concello. Non estamos de acordo coa política de promoción turística 60.000 € increméntase en 10.000 €, pois o noso enfoque é outro e o que se está a promover por parte do Concello do grupo de goberno parece que non está invertido de xeito eficaz. Queremos mencionar aquí tamén, como tamén se mencionou ao grupo de goberno, queremos mencionar aquí para que conste que a recadación do IBI, contribución, ascende a 2.515.000 € contando con que se vai a aprobar por parte do Goberno Central a redución do 8% dos valores catastrais o que suporía que os cidadáns no próximo recibo pagarán o mesmo que este ano non máis que é que terían que pagar senón menor, isto pode pasar ó mesmo que pasou que pasou co transporte metropolitano, ou sexa, ao final non vai haber tal acordo que seguramente será porque xa a estas alturas e non vai a poder ser posibles para os novos recibos, esta redución non se vai a levar a cabo co que ingresaremos 300 e pico mil euros máis do que temos agora mesmo no orzamento o que suporía que o orzamento pasaría a máis de





6 millóns e medio de presuposto, e para rematar esta primeira intervención dicirlles que unha boa oportunidade que tería o grupo de goberno para financiar ou sexa este diñeiro para financiar as nosas achegas e mocións que fomos e iremos presentando ao longo do noso traballo de oposición. Moitas grazas.

**A sra. Jácome toma a palabra (Democracia Ourensana):** Consideramos que os presupostos son os que son axustados, a maior parte do diñeiro se vai gastos de mantemento hai partidas que están ben, pero se é verdade que hai outros gastos aos que non estamos de acordo na maneira en que se adjudicaron. O aumento do diñeiro que se foi a área de deportes parécenos excesivo, é o 10% case do orzamento, parécenos un pouco cínica a actitude do goberno que se aprobara unha moción para a creación, que se aprobara unha moción que presentou Democracia Ourensana para a creación da protectora de animais e nestes orzamentos non hai ningunha partida específica para animais, parécenos completamente insuficiente a axuda social nestes orzamentos, repetimos consideramos que partidas que están ben, parécenos que falar de axudas á empresa e utilizar os niños empresariais definindo iso como axudas á empresa parece botarlle moitas flores porque é case un chiste, isto dos niños empresariais é case un chiste cando se quere axudar á empresa hai que axudala e pensar doutra maneira hai que pensar por suposto xa que non hai diñeiro en xerar diñeiro traelo aquí como sexa pois a través de campañas de empadroamento e por suposto facendo investindo a maior parte do diñeiro posible en axudar ás empresas que hai. Despois aproveitar xa que temos unha Deputada que nos manden axudas, que nos manden axudas xa que outros concellos si están axudando. Nada máis.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Nada máis?. Moitas grazas. Ten a palabra a señora Vispo.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Grazas señor Alcalde. Señor Valcárcel dicía vostede na acta dos orzamentos do ano 2014 que as memorias do señor Freire eran copia dos anos anteriores cunha pequena capa de maquillaxe, eran orzamentos que non establecían obxectivos claros que os veciños de Barbadás son persoas ás que hai que atender, prestar servizos, mellorar dotacións, e crear servizos novos e apoiar aos desfavorecidos, fomentar o emprego, cambiar o alumado público, loitar por un instituto, unha segunda gardería, e un centro de saúde digno, que os problemas se resolven segundo ían xurdindo, non hai planificación nin previsión, vostede dicía que era moi triste ver un orzamento que practicamente o 90% ía destinado a gasto de persoal, lémbrolle que os do 2017 son un 95,65 e un 4,35 os investimentos reais, deixoulle un pano, xa pode empezar a chorar, os seus empeoran os do 2015, sóalle todo o que lle digo, agora é o seu goberno, a súa xestión, sen previsión, sen obxectivos claros. Voulle a demostrar, memoria do 2016, preocupación por mellorar os servizos que presta a



Policía Local, o seu obxectivo para este ano era crear unha praza nova, onde señor Alcalde, e aínda rebaixa o orzamento para o 2017 en 19.700 €, xa vemos o que lle preocupa a vostede a seguridade cidadá e a orde pública, nas Comisións informativas o Partido Popular xa lle informamos que somos coñecedores que non se pode sacar prazas de policía pero si poden vostedes contratar a auxiliares durante todo o ano laboral temporal para mellorar a seguridade e dotar de axuda aos 6 policías que xa temos, podendo duplicar a vixilancia os fins de semana, así como as súas dotacións persoais en roupa que boa falta lles fai, é mellor gastar diñeiro en contratacións menos efectivas para a cidadanía como un técnico de normalización lingüística ou outros, vámolos deixar alí, contratar 6 peóns de obras, mire o Partido Popular non podía contratar persoal laboral temporal, pero díreille que todos os pobos e A Valenzá estaban perfectamente atendidos, e vostede sen previsión e organización aos feitos remítome. Actuacións en distintos pobos do Concello, por exemplo As Lamas de onde son, dígame en onde e a que data de hoxe seguen sen atender as peticións dos veciños, Loiro, tivemos que crear unha mesa de traballo todos os grupos políticos para dar a solución ao problema da auga, como vai a arranxar o tema das tubaxes senón aguantan as que xa existen?, ía mellorar o alumeadado público, en onde, se se refire ao da estrada de Piñor, vai a cargo do remanente de tesourería, díreille que temos rúas neste Concello que están pedindo un cambio na iluminaria, sen ir máis lonxe as rúas como Vilaescusa ou algunhas vertentes da principal da Avda. De Celanova e sen ser crítica a travesía do Viso, vostede sabe cantos veciños se desprazan pola estrada do río cara ós patos, nenos e adultos que utilizan os servizos do campo de fútbol ou o polideportivo, para este ano ningunha subida ao contrario unha baixada de 5.000 €, o Partido Popular tivo que traer varias mocións para que se acenderan todas as lámpadas dos farois a primeira hora da mañá por seguridade cidadá, melloraría o abastecemento e saneamento de auga, onde señor Alcalde, e seguimos co mesmo orzamento, parques e xardíns, había un incremento dun 33%, a data de hoxe estase arranxando o parque da Casa de cultura con cargo ó remanente de tesourería, díreille que o Partido Popular no 2015 xa presentara unha memoria para o arranxo dos parques e a creación dunha pista multiusos na zona das torres, unha pista de skate no parque da liberdade que vostede botaron pola borda e que ía con cargo ao remanente de tesourería, tivemos que esperar ao 2016 para que se fose arranxando algún parque, a nosa presunta ¿vendo o orzamento do 2017 como vai a arranxar os parques dos pobos?, creo que vai a ter dar moitas explicacións durante o novo ano. Investimento en mobiliario urbano e colectores xenéricos e de recollida selectiva, mire se o investimento é pintalos de vermello, perdón de burdeos, e os colectores cambialos de sitio entón estamos de acordo, dicía vostede que o 51% da poboación do Concello son



mulleres, con menores oportunidades de emprego, e menos oportunidades e que había unha partida importante para poñer en marcha políticas de igualdade, se darlles oportunidades e traballo e poñer bandeiras, facer murais, e pintar paredes, fixérono fenomenal, e por se fora pouco preséntanos un protocolo de actuación para casos de violencia machista para os diversos colectivos que xa teñen o seu propio, o manteñen o da Xunta, cren que as mulleres deste Concello se identifican con esta política de igualdade?. Partida adicada a mozos de a partir de 12 anos, a verdade non a vin, se se refire a actividades que organiza a Casa de xuventude que si existe, porque moitos de vostedes queren que desapareza non fixeron nada novo, lévase anos realizando este tipo de actividades, a non ser que se refiran a idea marabillosa de crear unha segunda casa de xuventude ou como lle chaman os seu socios de goberno casa da mocidade, pero direille señor Alcalde que ese investimento de máis de 250.000 € e un mantemento anual de 35.000 €, que o señor Fírvida quere cargar ó remanente e que para elo pediu autorización á Xunta, creo que a partida dos 35.000 € non está neste orzamento do 2017, señor Sarín, ou se refería a levar aos nenos ao campamento improvisadamente a Lodoselo, nós dicía que habería un importante incremento na partida de cultura 30.000 € para fomentar a participación e a creación destacando unha aposta firme por cultura propia do noso País, mire se traer ao apalpador creo que volve este ano deixando a Papá Noel no seu país de orixe, e realizar actividades con pouco éxito, menos mal que contamos con uns técnicos moi eficientes que souberon enderezar eses fracasos de actividades dirixidas a todos os públicos con gran éxito, vámoslle a repetir que o Partido Popular está a favor de que se conserven as tradicións e que os nenos coñezan ó seu boneco diabólico, non o digo eu, palabras dalgún pequeno ao ver a súa personaxe de antaño que son nenos que viven no século XXI, están a realizar actividades para unha pequena minoría da poboación deste Concello e o que non poden impoñer aos máis pequenos son as súas tradicións e ideas. Deportes vostede pregoou aos catro ventos o aforro de 18.000 € sen mermar o servizo vostede foi testemuña de que non foi así, este aforro levaríanos ao arranxo da piscina, arranxo ou chapuza, que levou ao usuarios a urxencias en moitas ocasións, enfados polo destrozo en bañadores, e ata pechar a piscina por non ser apta para o baño, diñeiro de todos os veciños tirado que terá que volver a investir de novo este ano. Participación cidadá, subvencións por procedemento de concorrencia competitiva. Os veciños fixeron un curso intensivo para cubrir a documentación, outros solicitaron axudas a outras administracións e a transparencia sería se todas as subvencións foran por este procedemento pero non é así aos feitos me remito, 4.000 € para unha asociación de nova creación e a distintos equipos de fútbol cando en anteriores legislaturas criticáronos e ben por esa subvención ao Barbadás de 30.000 € da cal nos



alegramos. Outra brillante idea regulamento de participación cidadá, saben que non asistiron todas as asociacións na última reunión e a afluencia foi moi escasa, viron que na primeira reunión se lles prometía que terían en conta as súas achegas para incluír nos orzamentos, xa viron que non se incluíu ningunha achega, a onde foron a parar as inquietudes das asociacións a unha ou a un papel, vouno deixar aí, por iso xa nin se molestan a asistir a novas convocatorias proposta polo comercio, falen cos hostaleiros canto tiveron que gastar para poñer as súas terrazas acordes á súa marabillosa ordenanza, nos anos que levo en política nunca vin tantas alegacións a unha ordenanza sen pes nin cabeza, xa vemos como incentiva vostede ao pequeno comercio. Case a finais do 2016 se sacan da manga unha axuda de 2.000 € ás empresas ou autónomos que se implantan en Barbadás, mire vostede sabe que lle costa crear unha empresa e que con 2.000 € vailles axudar e virán a Barbadás, xa vimos a afluencia de público que tiveron na presentación dos niños para empresas á foto remítome da páxina web, 9 persoas, a credibilidade que vostedes teñen é nula. Promoción turística a verdade quixera saber que fixeron, se facer o concurso de pinchos ou o rally mixt é promoción turística entón dareille os parabén aos hostaleiros, que puxeron a Barbadás no máis alto na gastronomía durante unha fin de semana, pero que saiban que a idea xurdiu dun deles, e que se o curraron sendo a localidade máis visitada durante esta fin de semana, e o rally mixt, que quere que lle diga unha gran home que ama ao seu Concello e que antepón o seu tempo, os seus cartos, e que pon a todo o seu equipo da escudería de Barbadás a traballar para que durante outra fin de semana este Concello sexa a elite do motor e atraia a gran multitude de persoas que invisten nos comercios e bares da zona, Alcalde e Concelleiros fixéronse a promoción turística de balde e creo que esa partida terían que repartila, 67.000 € entre hostaleiros e o noso compañeiro Marabú. Remítome á memoria do 2017 e xa remato, señor Valcárcel queixábase vostede das memorias que eran tres follas e vostede segue coas tres follas para o ano 2017 non di nada e aínda encima mente con respecto á memoria do 2016 que detallou anteriormente. Quéixase de baixar os valores catastrais que é o único salientable desta memoria fará que o Concello ingrese menos diñeiro. Mire os veciños de Barbadás teñen que saber que foi o Ministerio de economía e facenda, e aos papeis me remito, quen lles indicou que podían pedir a rebaixa dos valores catastrais debido a que os valores das vivendas en Barbadás están por enriba do seu valor de mercado, non se poñan medallas fixeron o que debían, solicitar esa baixada en tempo e forma pero sabían que senón o facían o Partido Popular traería unha cuarta moción, unha cuarta moción solicitando a baixada, de todas maneiras indicarlle que ata se aproben os orzamentos do Estado como ben lles dicía o señor Padrón este 8% non será efectivo, é dicir, o único salientable e beneficioso para a cidadanía de momento é fume. Perplexos



nos quedamos cando di na súa memoria que a crise que experimentamos dende fai anos afecta aos orzamentos, e en anos anteriores como nos poñían cando vostedes se atopaban na oposición, demagogia e máis demagogia, uns orzamentos realistas que van a manter todos os servizos existentes, ofertas culturais, e deportivas, medioambiente e violencia de xénero, mire unha tomadura de pelo, os servizos son os mesmos que daba o Partido Popular nos seus anos de goberno, educación, subvención ás anpas, garderías matinais, de tarde para conciliar vida familiar, clases de inglés, clases de apoio, escola de pais, axuda de libro, axuda para transporte do autobús de bacharelato, oferta cultura diversificada e pensada para todos, non para uns poucos, subvencións a todas as asociacións veciñais e rexistradas en Barbadás, deportes, o polideportivo púxoo en marcha o PP, e as escolas deportivas seguen a súa traxectoria, xa remato. Servizos sociais, manteñen os servizos de axuda a domicilio e as axudas a celíacos e emerxencias sociais, saúde, todos sabemos, todos saben que o centro de saúde é unha gran aposta do Partido Popular, e que en contra súa xa que puxeron todos os impedimentos posibles para que non se fixera, será unha realidade a principios do ano que ven, aínda que vostede volva machacar a situación, dígame vostede onde van as piscinas señor Padrón, dígame señor Alcalde vostede se queixaba das nosas memorias e non teñen obxectivos, cales son os seus, o noso grupo non o ve e a cidadanía tampouco o verá, o que si ven é en Barbadás moderno e plural e igualitario con estes orzamentos para o ano 2017, é dicir, se manteñen os mesmos servizos que vían así no 2015 e anos anteriores, mal que lles pese Barbadás é o é grazas ás políticas do Partido Popular. Grazas señor Alcalde.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** A ver se me da tempo de responder a todo. Prazo de presentación tarde, nós queríamos facer uns orzamentos ben feitos dende logo, non queríamos precipitarnos e por facer uns orzamentos e presentarllos á oposición e á cidadanía por 15 días que fosen mal feitos ou que quedasen algunha partida que nós consideramos imprescindible sen cubrir, polo tanto é mellor uns orzamentos que se van a aprobar cun atraso de 5, 6 días seguramente no mes de xaneiro que non presentalos como pasa en moitos concellos de Galiza por exemplo en Ourense, ou presentalos mal feitos. Orzamentos non negociados cos partidos da oposición, mire é a nosa responsabilidade nós estamos para aquí para gobernar asumimos a nosa responsabilidade e ó noso compromiso coa cidadanía, a nós e a quen os cidadáns nos van pedir responsabilidades do que fagamos na acción de goberno, polo tanto entenderá que é unha competencia do grupo de goberno, é unha responsabilidade do grupo de goberno presentar a todos os membros da Corporación uns orzamentos xa elaborados



para debater, para compartir e en todo caso, teñen vostedes posibilidades a través de emendas de moción durante todo o ano 2017, e se en todo aquilo que se poida mellorar ou modificar estamos abertos a todo tipo de posibilidades. Creación dunha área comercial en Barbadás, non podemos estar máis de acordo compartimos absolutamente esa proposta de feito xa se levan estudando por parte dos servizo de urbanismo da Concellería de urbanismo onde podería situarse unha área comercial no noso Concello que dera cabida a aquelas empresas que necesitan instalarse no Concello de Barbadás e que sobre todo ían a supor un incremento dos ingresos financeiros para o noso Concello a raíz das taxas que lles podíamos cobrar por exemplo o IAE, ou o IBI. Promesas de Baltar na reunión que tivemos recentemente algúns membros do grupo de goberno co Presidente da Deputación e que non están en papel, están miren, temos aquí unha Deputada do grupo de goberno da Deputación Provincial que é responsable en infraestruturas, polo tanto se o señor Baltar se compromete con nós a participar en determinadas obras nas que se comprometeu nós agardamos que iso se cumpra e se faga realidade, se non teremos que pedir explicacións tamén aos responsables de infraestruturas da Deputación Provincial de Ourense. Parques e xardíns 6.000 € menos, outras partidas di vostede algunhas cantidades menos, a min tampouco me gusta, a min tampouco me gusta rebaixar a partida en parques e xardíns, son 6.000 € pero non me gusta pero é que temos que cadrar os orzamentos se queremos subir unhas partidas hai que casar con outras partidas e imposible para cadrar uns orzamentos os gastos os ingresos hai que facer axustes, desde logo nós pensamos que podemos facer axustes alí onde menos afecta á cidadanía e desde logo nós na situación actual de crise económica entendemos que os parques e xardíns no noso Concello están ben atendidos, ese é o noso criterio, hai unha brigada de obras, hai unha brigada de parques e xardíns, houbo xente contratada, e por certo non está contratado cunha externalización como se facía antes por parte do Partido Popular que contrataba a unha empresa externa a uns traballadores que nos saían en 25.000 € ao ano cada traballador. En deportes 33.000 € para o campo de fútbol, raíz deste convenio que queremos asinar coa Deputación Provincial de Ourense para cambiar o campo de herba artificial e para poder facer un campo de herba artificial de fútbol 8 porque os deportes no Concello de Barbadás teñen moita demanda creo que a Concellería de deportes o explicaría mellora ca min pero creo que hai máis de 500 fichas moitos usuarios e polo tanto necesitamos máis campos de fútbol e intentaremos que a Dirección xeral de deportes asine este convenio coa Deputación Provincial e o Concello de Barbadás se poida aproveitar destas infraestruturas, ollo, non lle estamos pedindo á Deputación Provincial de Ourense 190.000 € para cambiar a herba do campo de herba, de céspede artificial de Barbadás, cando lle deu 400.000 € a





Salesianos a un colexio privado para un campo, uso exclusivo para ese colexio, así que esperamos que esta vez a Deputación Provincial se poña as pilas e o poña a disposición dos concellos e a disposición dos público xeral e non dun colexio privado da capital de Ourense 400.000 €. débese sobre todo ó incremento da poboación que se incrementou neste último ano e que na cantidade pero si se incrementou débese á revalorización que fixo de oficio a axencia catastral ordenado polo Ministerio de infraestrutura non dependo do Concello de Barbadás e que se este ano 2017 e o último ano do incremento derivado da ponencia de valores realizada no ano 2007 no Concello de Barbadás e que supuña un incremento gradual ao longo de 10 anos, este ano 2017 vai se o último ano polo tanto nos vindeiros anos a Democracia Ourensana lle considera excesivo o diñeiro adicado a deportes, repito hai moita demanda de deporte no noso Concello son máis de 500 as fichas que se moven no polideportivo e nas actividades deportivas no deporte de base sobre todo, e polo tanto é o diñeiro que hai que gastar para administrar eses recursos e para prestar eses servizos cun mínimo de calidade e de calidade. Protectora de animais hai 5.000€ para animais nos orzamentos non figura así nominalmente nos orzamentos pero está en diferentes partidas pero hai 5.000 € ademais do diñeiro que se adica a Protección Civil que unha parte dese diñeiro tamén vai adicado á protección de animais. Campaña de empadramento absolutamente de acordo con vostede, este goberno vai facer unha campaña de empadramento para intentar que as persoas que residen en Barbadás e que aínda non estean censadas se censan para así tamén poder aproveitarnos do incremento na participación nos ingresos do Estado que como vostedes saben é en función das persoas censadas no Concello. En canto ao Partido Popular, nos fala de moitas infraestruturas por exemplo o IES, nos podería dicir a Concelleira do Partido Popular onde quere que construíamos o IES, onde deixou o Partido Popular un solar para construír un instituto neste Concello, nolo quere explicar vostede, se vostede nos di onde está o solar nós nos poremos absolutamente mañá en marcha para construír ese instituto. Outra cuestión onde están as partidas dos orzamentos da Xunta de Galicia para o instituto de Barbadás, canto diñeiro adica a Xunta de Galiza nos seus orzamentos para o instituto de Barbadás, non o sabemos. Loiro, plan de mellora da abastecemento de augas de Loiro, temos un plan que tamén lle levamos ó señor Presidente da Deputación Provincial de Ourense para mellorar a rede de abastecemento de Loiro, cofinanciado Deputación de Ourense e Concello de Barbadás. Política de igualdade, pois si, mire por primeira vez como tantas outras cousas por primeira vez no Concello de Barbadás existe política de igualdade, a vostedes non lles gusta, xa o sabemos, pero de momento existe, isto xa é un paso moi adiante que loitemos desde o Concello de Barbadás contra a violencia de xénero supón un antes e un despois neste





Concello en canto a loita contra esa grave lacra que temos na nosa sociedade que é a violencia de xénero, vostedes non tiñan nada nós xa conseguimos elaborar un plan de igualdade, un plan para casos de acoso de protocolo de actuación en caso de acoso por violencia de xénero. Casa de xuventude pois mire teño que repetirlo eu non sei se vostedes non me entenden cando digo estas cousas, non me fartarei de dicilo, en Barbadás non existe casa da xuventude, repito en Barbadás non existe casa da xuventude, existe un infantario onde se desenvolven actividades de nenos entre 3 e 12 anos de idade, como vostedes comprenderán o concepto de xuventude vai máis alá dos 12 anos de idade, e é tamén intención deste goberno crear unha casa da mocidade, si señora, queremos chamarlle así, podemos chamarlle casa da xuventude para aquel grupo de nenos entre 12, nenos e nenas entre 12 anos de idade hasta os 25 anos de idade onde poidan ter un espazo, onde poidan compartir, onde poidan asociarse, onde poidan xestionarse as súas propias actividades, non quererá vostede meter un mozo, unha moza de 17 anos con nenos de 6 anos a xogar, non quererá vostede que compartan espazo mozos de 19 anos de idade con nenos e nenas de 6 anos de idade, e iso o que vostede quere, nós non. Último xa, o apalpador, voulle dar a razón a señora voceira do Partido Popular, o apalpador vai volver a Barbadás porque é unha figura propia da cultura galega, e o Papá Noel, vai a seguir no seu País de orixe que está no norte de Europa, non en Barbadás. Diñeiro tirado nas piscinas, non, o diñeiro se investiu nunha obra que saíu a concesión pública con todas as garantías de transparencia e democracia, a obra é certo quedou mal feita e a empresa concesionaria terá que refacer esa obra hasta que quede perfectamente feita. Subvencións en concorrència competitiva agora súmanse, o que vostedes nunca fixeron na vida que foi repartir o diñeiro público con carácter de xustiza e de igualdade, agora nos reprochan a nós que non o fagamos en todos os casos como pasou no Tangaraño rock, foi unha experiencia para un acto lúdico, festivo, puntual, vamos a ver se iso ten continuidade ou non, en todo caso case todas as subvencións que da o Concello de Barbadás o novo grupo son en concorrència competitiva que son as únicas que garanten a xustiza e a igualdade. As terrazas, as terrazas vai supor unha rebaixa nas tarifas que pagan moitos dos hostaleiros de hasta un 80%, moitos hostaleiros van pagar un 80% menos agora polas terrazas do que pagaban antes, e en moitas ocasións os hostaleiros non tiveron que facer ningunha modificación o único que teñen é que adaptarse ás necesidades dunha ordenación que queremos establecer dende este Concello, e non sei se me queda algunha cousa máis, por falta de tempo. Claro o de Geseco, claro, Geseco nos aplica estes 86.000 € de incremento porque a poboación aumentou un 20% en canto volva aumentar outro 20% cando cheguemos ós 12.000 habitantes nos poderá volver aumentar a tarifa outros 86.000 € ou máis o que eles consideren porque o fan de forma



unilateral grazas repito á extraordinaria concesión que deixou feita o Grupo Popular no Concello de Barbadás no ano 2007 por 25 anos a unha empresa privada.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Dous minutos, dous minutos e medio por se queren intervir novamente. Tres minutos cada un, creo que é xusto porque senón estenderíamos aquí hasta os séculos dos séculos.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Dicirlle o primeiro que dixo o señor Tenente Alcalde que non presentara os orzamentos antes a un grupo que os apoiou pois non é escusa, e dicir, que vostedes teñen que gobernar e logo xa pedirán contas, tamén a quen lle o apoio tamén lle pedirán contas porque se vostedes está aí é co apoio do noso grupo, entón nós tamén estamos obrigados a dar conta diante dos cidadáns, aínda que non esteamos no goberno, porque lle demos o noso apoio, en calquera caso, valoramos tamén aspectos positivos do orzamento que é o que non se aumenta a presión fiscal conxelada, e tamén dicir con relación tamén antes ao das empresas que o máis fundamental para calquera empresa ou negocio é que se lle baixe uns impostos, entón por esa vía alegrámonos de que os impostos en Barbadás polo menos, cando menos estean conxelados e non suban, para os servizos que damos realmente a unha poboación maiormente nova. Estamos de acordo en que se aumente o gasto en políticas sociais para dar máis servizo á cidadanía que o que está reclamando sobre todo no tema do servizo de asistencia no fogar, está claro que temos que apoiar sempre o que a cidadanía reclama con máis urxencia. Redúcese o gasto de persoal e outra cousa positiva, tamén se reduce os órganos de goberno como se dixo o gasto en órganos de goberno, e outras cousas menores que non hai tempo para mencionar. En relación aquí que dixo do PAI de Bentraces estamos de acordo en desconxestionar servizos de A Valenzá, enriba co pouco espazo que quedou alí, deixado para infraestruturas que necesita este Concello como é o centro de día, ou instituto, ou unha auditorio, e ese tipo de construcións, pero tamén lle diremos ao grupo de goberno que miren ben cando sitúan unha infraestrutura porque ó mellor teñen que non sei se fixeron un estudo de cantidade de nenos onde vai ser situado o servizo se é o sitio máis axeitado, ou se tiña que ser en outro lugar diferente, é importante porque temos que pensar que hai outra parte do Concello que pasa dos 2.000 habitantes onde hai unha cantidade de nenos impresionante e vanlle levar vostedes un PAI para un sitio onde non van poder ir. Dende o noso grupo consideramos polo exposto ata agora que non son os orzamentos nosos está claro, senón que son os do grupo de goberno, como oposición construtiva que sempre fomos e ao servizo da veciñanza que temos que facer presentamos as nosas achegas e peticións antes aquí resumidas e tamén segundo as mocións que imos presentando ao longo do ano, e que presentaremos, seguiremos



apostando por propostas que axuden a mellorar a medio prazo servizos que o Concello lle presta á veciñanza de calquera cor política. É xusto recoñecer que moitas das nosas achegas e mocións do día a día do Concello foran tidas en conta e executadas, valoramos positivamente ese traballo pero non porque se nos faga caso, por necesitar o noso apoio puntual nun determinado momento senón dende o convencemento de que son medidas que realmente contribúan ao benestar comunitario e a satisfacer todas aquelas demandas xustas que a cidadanía reclama. Lembrarlle ao señor Alcalde que hoxe ostenta a máxima representación do Concello que está aí co apoio do noso grupo, senón estaría na oposición e tampouco podería levar a cabo as políticas do seu propio grupo, neste caso PSOE. Queremos recalcar aquí o documento que no seu día asinou o seu grupo político con nós polo que vostede foi investido Alcalde e que constitúe unha folla de ruta, valoramos de maneira positiva o cumprimento do dito documento ata o de agora, aínda que queda moito por facer. No tema do gasto de remanente púidose facer moito máis pero acabounos pillando o touro e moitas obras quedaron no limbo para a vindeira ocasión, coa Lei que existe na actualidade sobre este tema inxusta só nos queda ter todo preparado para cando se poida empregar outra vez e que este ano servise de aprendizaxe neste tema. Polo tanto e tralo o acordo adoptado polo noso grupo apostamos hoxe por dar un voto favorable novamente a este orzamento, que sen ser o noso consideramos aceptable, pero este voto ten caducidade, a do próximo orzamento, está supeditado ó cumprimento do pacto de investidura e a todas aquelas propostas que vaíamos achegando ao longo do ano, que consideramos que deban incluírse na elaboración do novo orzamento, tomen nota polo tanto do que expuxemos na primeira intervención e non cometan os mesmos erros, o noso apoio non é vitalicio non somos a muleta de ninguén, como dixemos en certa ocasión, xa se sabe a onde chegan os gobernos que non dialogan e non intentan chegar a consenso. Moitas grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moita grazas. Ten a palabra a señora Julia.

**A sra. Jácome toma a palabra:** Quería dicir que non sei se o nomeei antes que nos parece insuficiente a pesar de que sabemos que aumentou o diñeiro destinado á axuda social, non sei se o dixen antes.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Señora Chelo Vispo.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Señor Valcárcel lembra vostede que nos solicitaba en anos anteriores, 2014, un convenio co polígono virtual de Galicia para crear emprego e para desenvolver o comercio local, outra cortina de fume que fallou, os comerciantes de Barbadás están preparando a súa propia asociación, non dicía que podíamos ter unha escola de negocios, onde está señor Alcalde?, non a



vemos nin está orzamentada, vostede cree que pode fomentar o comercio local cunha partida de 21.500 €, rinse de vostedes, cando llo comentamos a algúns deles que loitan para manter a flote os seus comercios, as súas empresas, e agora 2.000 € para os que veñan, pensen nos que xa están como lle dixen antes. Decía que se podía rehabilitar núcleos rurais e rehabilitar vivendas, demagogia, señor Valcárcel, investimentos reais, 273.000 € para poder rehabilitar. Vostede decía canto se gastaban en persoal neste Concello, e agora que le vai a explicar cando lle diga que non o rebaixa que o aumenta nun 95%, que contratou máis persoal a un 95, que contratou máis persoal e que todos está peor, e que non hai ningún investimento con cargo ao orzamento do ano 2017, nin cambio de saneamento, nin alumbeado público, vostede decía que quería unha ordenanza para planificar as axudas de emerxencia social, e xa ve todo segue igual, se refería que no tiña transparencia que lle deramos 3.000 € para o arranxo do campo de Parada, e vostede tampouco e vólvollo a lembrar cos 4.000 € para unha asociación de Piñor recentemente creada e para un festival de rock, vostede decía que o Partido Socialista era partidario de que o Concello axudara a buscar patrocinios ao Barbadás pero cousa facer achegas directas de cantidades tan destacadas e agora fano vostedes, o cal nos alegra, vólvolle a repetir iso quere dicir que o facíamos ben. Vostede decía que isto era un circo e agora como quere chamalo, nós temos máis respecto ao goberno, non decía que votaría en contra polo seguinte nos decía a nós que ía a votar en contra polo seguinte, primeiro ausencia total de investimentos, carencia de dotacións de servizos sen estímulo para potenciar e desenvolver os sectores produtivos do Concello, señor Valcárcel tería que votar en contra dos seus propios orzamentos, cumpre todos os seus requisitos. Por último vanlle a gustar unhas palabras que vostede me dixo a min para que llas aplique a vostede, un traballo dun político non é de supervisar, non, non, é guiar e liderar, dar instrucións non supervisar, primeiro liderar e guiar e despois supervisar, que se cumpran os obxectivos que marcan os políticos, creo que vostede tería que empezar xa. Vou con vostede señor Fírvida, vostede preguntaba no ano 2014 cal era o noso futuro iso é o que nos preguntamos nós agora, vostede reclamaba un centro de día, seguimos sen el, o PP trouxo unha moción para realizar un convenio co centro privado de A Valenzá cando se refire aos servizos públicos, segunda gardería, PAI, ou instituto seguimos igual, se nos vai a contar que presupostou un PAI en Bentraces, outra cortina de fume, teño entendido que non cumpre os requisitos esixidos pola Xunta, e que o pobo non está pola labor de entregar a vella escola. Instituto, non sabemos en ano e medio que levan gobernando que adiantes teñen pero tamén lle quero dicir que vostede me preguntou antes, si está, si está no AR-10 pero está sen desenvolver, a ampliación da piscina, non lle vou a repetir a chapuza deste ano, fomentar emprego, coa creación duns



nichos e unha axuda de 2.000 € pense en axudar aos que non peche, a que non pechen os que xa están, como lle repetín antes ao señor Alcalde, cree que é a solución?, como lle vai a explicar que se quere gastar o BNG máis de 250.000 € nunha segunda casa da mocidade, e deixa 24.000 € para axudas a empresas, demagogia señor Fírvida, vostede criticaba a partida para poñer en funcionamento o polideportivo, dicía que toda a vida se ía meter diñeiro e así é señor Fírvida os seus orzamentos me remito, criticaba a subvención ao Barbadás e agora seguen facendo o mesmo, que o PP mellorando vai intentar cambiar a herba do campo, estará en contra dos seus principios, non cree?, vostede criticaba o deporte, vostede dicía que os veciños de Barbadás, está na acta do 2014, tiñan que comer, pagar a luz, e despois irían a facer deporte, iso está na acta do 2014, pois iso non é así que o PP investiu en saúde, a ver como explica vostede iso, demagogia señor Fírvida, vostede recriminaba os 270.000 € para transporte, bonobus, e agora a partida ascende a 347 e a defende sen problema, outra demagogia súa, dixo que está na acta do 2014 está, dixo que estaba en contra das Deputacións, son Deputada, vale, non se que facía hai uns días na Deputación pedindo axuda para diversas actuacións deste Concello, creo que vamos a ter que cambiar os sillóns vostede e eu, vostede fía porque dentro de pouco todo o vai facer a Deputación, e esta Deputada, pero non se preocupe que vai ir pouco a pouco, vostede dicía que non sabía onde ía o diñeiro que sobra ano tras ano, nos orzamentos do PP, dígalles aos veciños que cando chegaron se atoparon cun remanente de 900.000 € que xa dilapidado e o seguintes non puideron porque non lles deu tempo, vostede dicía que só aumentaba o orzamento en traballos para outras empresas e vostedes que fixeron durante estes dous anos, este ano e medio, peor, as partidas con máis orzamento para traballos a outras empresas, emerxencias sociais e celíacos, todo igual, vostede di que a aumenta cámbiaa porque pediron unha subvención para fármacos e todo iso que vostede teñen que achegar o 20% como vostede explicou, pero o que sumou a maiores é minudencia, vostede criticaba os cursos do Centro empresarial, e dicía que os pagásemos que le pagásemos unha academia en Ourense, daban asesoramento que daban asesoramento a empresas, cambioulle o nome, proeco, e contratou unha persoa, pero fai os mesmos servizos que antes, un centro tan criticado por vostede e que segue dando os cursos que aínda non os mandaron a Ourense a ningunha academia, sorte para os usuarios. Por último criticaba os 130.000 € que lle paga a Deputación por levar o servizo de recadación, doulle un consello, non son de dar consellos, antes de iniciar os trámites para compara o que vostede nos adiantou un programa pense os beneficios de ter ese servizo fóra, os problemas que se aforra neste Concello, non temos espazo, persoal, nin recursos, está todo, todos os administrativos deste Concello desbordados pola mala xestión súa, e quere vostede meter a recadación neste



Concello?, vamos eu creo que o linchan a vostede, non temos espazo, nin persoa, nin recursos suficientes para crear ese departamento, vostede sabe que se necesita diñeiro, a recadación neste momento a Deputación abónalle diñeiro, como vai facer vostede despois, deixe que lle sigamos guiando coas mocións do Partido Popular que lles traen, que sigan a sumar beneficios para os noso veciños e déixese de bandeiras, actos e placas para uns poucos, e se quere cámbiolle o sillón que eu si que sei facelo. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, señora Chelo. En primeiro lugar transmitir o agradecemento aqueles partidos e aqueles grupos que apostan por este Goberno Municipal no sentido de apostar por estes orzamentos, aínda que non sexan os seus, evidentemente gobernar e gobernar para todos e non contemplan ideoloxías. Señora Chelo, vostede terxiversa no momento en que vostede di as miñas memorias son criticables porque son semellantes ás de Freire, mire primeira cuestión, as do anterior goberno municipal eran memorias absolutamente técnica e que falaban de encaixes contables, de modificacións contables e similares, esta memoria ten catro folios e ten un texto que serve de guía, había lembro eu unha memoria do señor Freire, menciono porque era o anterior Alcalde nada máis, de medio folio, de medio folio, só con estrutura contable, só estrutura contable, medio folio, por favor, se se remiten ás actas eu tamén me poden remitir, búsqüena que atoparán. Vostedes non ven os obxectivos deste goberno é evidente, non son os seus, son os nosos, que son uns valores de progreso, de igualdade, de participación, vostedes evidentemente non os comparten. Remato a Policía Local agora mesmo non ten ningunha carencia en canto a necesidades materiais, nin, non, eu non vou a entrar en debate porque é a última intervención e porque ademais eu reúnome coa Policía Local e teñen unha ficha na que se fai pedido de material, nada máis. Vostedes aumentaron unha, falan, enumeran carencia que si é certo pode habelas derivadas de 28 anos de goberno do Partido Popular, en dous anos non se poden solventar todas as carencias en dous anos. Votos a favor do orzamento, abstencións, votos en contra

Sen máis sométese a votación o seguinte asunto resultando aprobado cos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto, as abstencións de Democracia Ourenzana e os votos en contra do Partido Popular o seguinte acordo: **“Aprobación inicial do orzamento para o ano 2017”**

### **6- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO PARA A CREACIÓN DUNHA RADIO PÚBLICA MUNICIPAL**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos ao seguinte punto da orde do día, Moción do Grupo Mixto



para a creación dunha radio pública municipal. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Pois isto, e volvendo a que presentamos mocións para que sexan incluídas, adoptadas polo goberno, dende o Grupo Mixto defendemos no seu día na campaña electoral a creación dunha radio pública municipal. Este servizo estamos convencidos sería unha ferramenta moi positiva, efectiva e dinámica para o noso Concello. Como todos sabemos a radio é un medio directo e instantáneo, que a diferenza doutros (televisión, prensa, internet, facebook, etc.) só precisa da nosa atención auditiva e permítemos seguir a realizar as nosas actividades cotiáns sen ningún impedimento. Calquera veciño ou veciña, pode escoitala mentres conduce na súa propia casa, practicando deporte, ou calquera outra actividade sería un medio máis ao servizo da cidadanía. Pero centrándonos na súa proposta e cara á súa praticidade de cara ao día a día do noso Concello hai que sinalar como servizos aos cidadáns que podería dar os seguintes: Información do Concello de todo tipo (plenos, cursos, axudas, convocatorias de persoal, e actos culturais e deportivos) e todo o relacionado coa xestión diaria que dalgunha maneira poida interesar ao cidadán. Promoción de todas aquelas actividades que realiza o Concello de xeito directo ou a través de todas as asociacións inscritas no Rexistro municipal. Promoción deportiva e cultural. Promoción da industria e do comercio local, e dun sen fin de posibilidades. Estas posibilidades son moitas sempre e cando se utilice como medio estrito de información ao servizo da veciñanza, non de propaganda. Tamén somos conscientes que unha medida deste tipo que necesita o financiamento directo do Concello debe vir abalada por un estudo serio e rigoroso e independente onde quede claro a súa posible creación ou non. Polo tanto o acordo que propoñemos hoxe a aprobación do Pleno, é o seguinte: Instar ao grupo de goberno municipal a encargarse un estudo rigoroso e independente sobre a creación dunha radio pública municipal onde se informe das diversas posibilidades de funcionamento e do seu custo para as arcas municipais, ademais dos requisitos legais para a súa implantación, e que dito estudo se remita aos distintos Grupos municipais no prazo máximo de seis meses.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra a señora

**A sra. Jácome toma a palabra:** Pero unha radio pública falando xa dos orzamentos que temos co axustados que estamos destinar o diñeiro a unha radio público que o custe sería, logo a maneira de información que se vaia a tratar o contido que vai a ter esa radio, a radio fala, ou sexa, os medios falan en función do dono que teñan, que dono vai a ter esta radio, cal vai ser o dono, o Goberno vai ser o Goberno o dono. A nós parécenos unha idea descabellada, creo que é totalmente inoportuna e nos vamos a abster.





**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra a voceira ou voceiro

**O sr. González toma a palabra (PP):** Boas tardes, todos e a todas especialmente aos veciños que teñan a paciencia de nos acompañar a estas altas horas da tarde, noite. Nós estaríamos de acordo en apoiar esta moción parécenos interesante, está ben argumentada e tal, o que si condicionáramos a unha emenda “in voce”, que sexa unha emenda de ampliación non de corrección por suposto, na que nos gustaría que constase así, deberá garantirse a ecuanimidade da emisora coa creación dun consello da radio, con representación de todos os grupos políticos precisamente pola mesma reserva que expresaba Democracia Ourensana. Moitas grazas.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** A nós tamén nos parece moi acaecida esta moción do Grupo Mixto, de feito xa estamos traballando na posibilidade de solicitar unha frecuencia de radio municipal que é unha competencia autonómica, estamos estudando dende o servizo de Secretaría, está recadando información e estamos traballando para en primeiro lugar conseguir unha frecuencia de radio municipal para que nós poidamos emitir a nosa propia programación, e en todo caso nos vindeiros meses poderemos estudar cal é o sistema para levar a cabo esta radio, se o facemos con medios propios como preguntaba a señora Julia, ou se buscamos algún tipo de medio de asesoramento para realizar a programación, os contidos, e a emisión de programas, eu creo que isto é de estudar, en todo caso en medida que vaíamos establecendo prazos llo iremos comunicando para que vostedes tamén poidan participar, e polo tanto nós vamos a aprobar esta moción.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Ben, contestar rapidamente que segundo o que di o de Democracia Ourensana está claro que é a moción non sabemos nin o custe, nin o contido, nin o dono, pero o dono sería o Concello claramente, por iso encargamos este estudo para saber e responder a todas estas cuestións e que nolo dean nun prazo de 6 meses. Estamos de acordo coa emenda que propón o PP porque ó fin e o cabo deberá garantirse a ecuanimidade e xa o dicimos na propia moción cando se di que sexa un medio estrito de información ao servizo da veciñanza, e nada máis, alegrámonos de que xa se estea facendo algún traballo deste tipo por parte do grupo de goberno, e nada que nese prazo teñamos un estudo xa rigoroso para saber xa se podemos poñela en marcha ou descartala definitivamente.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra a señora Julia. O voceiro do Partido Popular ten a palabra.

**O sr. Fernández toma a palabra:** Moitas grazas señor Alcalde. Gustaríame pedir por parte da Secretaría do Concello un informe verbal se é posible sobre este tema.



**A sra. Secretaria toma a palabra:** As xestións que se fixeron ata agora é a obtención dunha emisora municipal que o único que podo dicir é que se tarde entre 6 meses e 1 ano na concesión por parte da Xunta de Galicia previa tramitación dun expediente, a partir de aí cabería dúas opcións coa titularidade da emisora que son ou ben a subcontratación a unha empresa para que a dotase de contidos máis os contidos que o propio Concello facilite, ou a xestión directa do servizo con persoal local e un mantemento evidentemente. Unicamente dicir tamén que hai unha oferta formulada por parte dunha emisora no tempo de ínterin que é por un prezo no prazo de 6 meses, 1 ano que se podería tardar en conceder a emisora municipal, facer como unha especie de lanzamento inicial da radio e dotar a través doutra frecuencia, dotar unha programación ao municipio, é dicir, programación específica combinada coa programación xeral da emisora, e ata agora é todo o que podemos facer, porque realmente depende tamén da información que nos dean tamén na Xunta de Galicia sobre os prazos de tramitación pero non antes de 6 meses, 1 ano. En realidade o estudo que pide o señor Padrón basicamente se conclúe nisto, é dicir, logo despois dende o punto de vista político terán que decidir se optan unha vez obtida a frecuencia que digo non sería antes de 6 meses, 1 ano, hai que optar pola xestión directa ou pola xestión a través dunha emisora, pero non hai moito máis que informar. Incluso a posibilidade de existencia do que acaba vostede de admitir e propoñer o Partido Popular, sobre o consello municipal da radio, pois podería estar incluído calquera dos dous sistemas de xestión pero iso xa é unha decisión política, e como decisión transitoria se podería dotar pero tamén é política se interesa xa agora, o custe que ofrecen é 3.000 € por un ano, o dotar de emisora de radio, é que non teño máis información.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Quere seguir coa súa intervención?

**O sr. Fernández toma a palabra:** Non.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Eu creo que queda resoltas as dúbidas e que quedou explicado en que consistiría no futuro a radio municipal de Barbadás.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Por tanto votos a favor desta moción, abstención.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando cos votos a favor de PSdeG-PSOE, BNG, PP e Grupo Mixto, e coa abstención de Democracia Ourensana o seguinte acordo: **“Moción do Grupo Mixto para a creación dunha radio pública municipal: 1- Instar ao grupo de goberno municipal a encargar un estudo rigoroso e independente sobre a creación dunha radio pública municipal onde se informe das diversas posibilidades de funcionamento e do seu custo para as arcas**



municipais, ademais dos requisitos legais para a súa implantación. 2- Remitir dito estudo aos distintos Grupos municipais no prazo máximo de seis meses. 3- Deberá garantirse a ecuanimidade da emisora coa creación dun consello da radio, con representación de todos os grupos políticos”

### 7- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO SOBRE A UBICACIÓN DA NOVA PISCINA MUNICIPAL

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos ó seguinte punto que é a moción do Grupo Mixto sobre a ubicación da nova piscina municipal. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Traemos esta iniciativa como poderíamos traer o centro de día, ou calquera outra infraestrutura que necesita o noso Concello, a gardería municipal, ou un auditorio, etc, etc. Neste caso falamos da piscina municipal porque a nosa maneira de pensar é de buscar poñer propostas enriba da mesa para que nun futuro esas propostas se leven a cabo nos lugares axeitados e non ocorra como pasou en moitos momentos e moitas outras obras deste Concello que ó final lévanse a cabo en lugares que non teñen razón de ser. De toda a veciñanza é sabido que a piscina pública coa que conta o noso Concello quedou pequena para atender a unha poboación de preto de 14.000 habitantes reais. Hai concellos na nosa provincia con censos oficiais de poboación de 2000 habitantes que disfrutan de piscinas municipais de dimensións máis grandes que a de Barbadás. Lamentamos que cando se proxectou esta instalación non se previra o volume de poboación que iamos acadar no medio prazo. Isto, e non cansaremos de repetilo, é un mal endémico que afecta a este Concello dende hai anos, a falla de previsión a medio prazo. A piscina actual, logo dunha remodelación realizada este ano que tamén xerou a súa polémica, encóntrase saturada. Neste punto sinalar que a súa saturación veríase acentuada senón fose que moitos veciños de Finca Fierro e Piñor desprázanse ás piscinas públicas de Toén onde comezan a sufrir estas aglomeracións nos dous últimos anos por este feito. É necesario abordar o proxecto para dotar ao Concello doutra piscina que cubra as necesidades nos meses de verán dunha poboación emerxente e moza. Dende o noso grupo creemos que os terreos nos que se atopa a actual piscina non permiten a situación doutra infraestrutura similar, e a nosa proposta é que se busque unha nova localización para a futura ampliación deste servizo, tendo en conta a distribución territorial da veciñanza. O Concello dispón de terreos consolidantes coa autovía A52 e a estrada de Piñor ao seu paso pola Finca Fierro onde se atopa o depósito da auga. Propoñemos que se estude esta localización como factible para esta infraestrutura pois cumpre os requisitos de centralidade coa outra parte do Concello con máis volume de poboación (Finca Fierro, Piñor, As



Lamas , A Cal Parada, A Valenzá están a menos de dous quilómetros andando). Tamén achegaríamos este servizo aos Veciños de Santa Uxía e o Mundi Deu. A dispoñibilidade de auga ao seu carón e ser unha zona totalmente soleada sen edificios preto e sen urbanizar son outros factores que xogan ao seu favor. Esta proposta que hoxe traemos como moción ao Pleno ten que contar co pertinente estudo de viabilidade do proxecto en canto estes terreos sexan os axeitados para albergar esta instalación. Polo tanto pedimos a adopción do seguinte acordo. Instar ao grupo de goberno a elaborar un informe exhaustivo no prazo de tres meses sobre a viabilidade de construír unha nova piscina pública nos terreos municipais a carón da autovía A-52 e a estrada de Piñor ao seu paso por Finca Fierro onde se sitúa o actual depósito de auga. Que dito informe, no caso de ser favorable a súa posible execución, indique os pasos a seguir para que dita obra sexa unha realidade no prazo máis breve de tempo, e que dito informe sexa remitido aos distintos grupos municipais no mesmo prazo. Dikir que o que queremos saber é se realmente eses terreos puideran albergar esa infraestrutura por iso queremos se encargue ese estudo, sabemos tamén que alí existen terreos do Ministerio de Fomento que ao mellor sería necesarios que ao mellor sería posible utilízalos non sei con que tipo de negociación iso xa o terán que dikir os técnicos e as persoas competentes nese eido por iso o sentido da moción é pedir ese estudo para ver se eses terreos son realmente utilizables para iso ou podían ser para outra cousa porque ao fin e ao cabo son terreos que posúe o Concello e ou descartalos no seu caso tamén e buscar outra situación, o que se trata é de facer propostas para que nun futuro fagamos as cousas o mellor posible. Nada máis.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

**O sr. Fernández toma a palabra:** Boas tardes de novo. O señor Padrón pois parece que ten distinta vara de medir non podía esixir ao grupo do PP con cerca de 20 anos levar feitas piscinas que viran unha previsión do que ía medrar este Concello o cal paréceme sumamente difícil pero por outra banda o bipartito municipal que vostede puxo no poder, leva dous anos aquí e non foi capaz de arranxalas, arranxar, arranxounas, o rapaces con xeonllos por aí feridos, os bañadores rotos, unha serie de desfeitas, piscinas pechadas esa é a previsión deste goberno que vostede como ben dixo antes puxo aquí en Barbadás. Entrando un pouco no meollo da moción como hai varios factores que nos parece que non sería operativo non, o primeiro deles que a altura que ten aí as gráficas e as cotas de nivel danos dunha orde duns 20 e incluso duns 40 metros de diferenza de nivel o cal pois máis que unha piscina sería unha aquapark como o que hai en Portugal cunhas pistas de saltar a autoestrada que era alí en Finca Fierro non sei unha cousa dese tipo. En canto o segundo lugar pois é unha orientación



norte sur aí bate o aire a fondo co cal o sitio para as piscinas non é o máis axeitado no Concello nin moito menos, ían pasar frío de abondo. En terceiro lugar dicir que os solar é insuficiente as cotas de medición non enganan hai non fai falta facer estudos é o que hai, non vai dar máis de si, e iso non vai permitir aí unhas piscinas con moita previsión de moitos anos máis. En cuarto lugar dicir que nos obrigaría ter distinto dobre número de socorristas, o cal dobre gasto, dobre tal as piscinas nun lado, as piscinas arriba no outro non ten sentido ningún, encarece de abondo este Concello e en quinto lugar habería que habilitar un aparcamento irei a pe como que non, a máis vostede entroulle ó xogo a algún dos membros do grupo de goberno que dixeron que o centro de saúde que está xa moi alto e as cotas de que non sei que, pois isto que o baixe Deus e o veña a medir, porque as cotas son bastantes gravosas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moita grazas ten a palabra a señora Victoria Morenza.

**A sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE):** Moitas grazas. Boas tardes a todas e a todos. Pois ben nós fixemos consultas ao Ministerio Fomento sobre esta posible situación das piscinas municipais na zona, e dende a administración central que son os propietario da práctica totalidade dos terreos informaron que unha instalación destas características ten que estar a 25 metros da liña de explanación, e no caso de que haxa que facer unha edificación a distancia de seguridade respecto desa liña de explanación aumenta ata 50 metros, este sería o caso porque habería que facer vestiario, co cal estas distancias son bastantes restritivas. Dende Fomento indican tamén que hai no lugar un viario de servizo para as fincas situadas nesa zona ao que se accede dende a estrada de Toén, o que supón unha limitación máis á construción dunhas piscinas. Por outra banda segundo os servizos técnicos municipais unha parte de estes terreos son solo de recheo, motivo polo cal calquera obra que se realice ten un incremento debido a que hai que investir máis diñeiro para asegurar o chan e para que teñan unha maior calidade a obra que se realice aí. Ademais se utilizamos criterios de eficiencia económica e de funcionalidade temos que ter en conta que en A Valenzá existe xa unha piscina e que o propio plan de urbanismo prevé a ampliación das actuais piscinas municipais, cara o parque dos Amieiros. De tódolos xeitos, e atendendo ao fondo e á forma da proposta de Compromiso por Barbadás anunciamos que levaremos a cabo as xestións oportunas tal e como se propoñen na iniciativa para encargar antes de nada un estudo topográfico da idoneidade dunhas piscinas nesta zona. E tamén faremos as consultas formais pertinentes ante o Ministerio de Fomento.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Señor Ramón Padrón.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Ben, valoramos positivamente que se acepte o sentido da moción que



é que se nos dea un estudo onde se informe de todas estas cuestións por medio dos técnicos. O señor do Partido Popular creo que non é técnico de para saber de desniveis e cousas desas. Mire a piscina onde alí hai terreo suficientes para facer unha piscina cando menos coma a que existe agora mesmo en A Valenzá dos mesmos metros, eu incluso o mesmo aparcamento ou máis. Orientación norte ou sur, vaia vostede desprácese un día a Toén e mire onde está a piscina de Toén que está chea todos os verán cada vez máis porque xa digo, veciños de Finca Fierro van ás piscinas de Toén porque se foran ás de A Valenzá non se collería dentro da piscina habería que sacar un ticket, e senón compróbeno vostedes mesmos, que eu non sei, eu estiven nas piscinas de A Valenzá, estiven nas piscinas de Toén, por iso traemos hoxe isto aquí, por iso valoramos positivamente a Concelleira aínda que non se estea de acordo estas cousas tamén somos nós coñecedores delas pero queremos que nolo informen os técnicos e para nós informar tamén á cidadanía. Contestarlle tamén que non me veña con planos e cousas desas porque con planos tamén veu coa autovía, coa saída da autovía onde o Maquinor e quería meter unha saída a autovía e infórmese ben, saíu un informe non hai moito en La Región onde estaba o volume máis grande de tráfico de toda a circunvalación a Ourense e está xusto onde está a saída e a entrada cara Finca Fierro, a saída da nacional cara a rotonda de A Valenzá, 28.000 vehículos diarios, e vostedes querían meter outra saída da autovía cara ese punto, entón tamén miren vostedes as cousas e non fai falta traer planos.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra a señora Julia. O voceiro do Partido Popular.

**O sr. Fernández toma a palabra:** Non quero descualificar a ninguén pero de estudos de cotas eu seino dende EXB e demostreino, e demostreillo do acceso ao centro de saúde que vostedes non entenderon sobre todos algúns membros do goberno empezaron a darlle voltas e seguen sen facelos, vai chegar o día que se abra e aí están. O estudo de cotas do tema da autovía e tal, nós o que queríamos precisamente é desconxestionar esa zona o que se facía aí era unha rotonda o que pasa é que claro eu creo que non nos ten moito cariño e non colle as mocións con cariño, se estudaran ben eu penso que outro galo cantaría, están ben redactadas, están ben planificadas, e os planos eran evidentes, cando queiran dámoslle unha volta sen problema ningún, era unha opción bastante interesante. Ao contrario que esta, si estamos de acordo en que as piscinas se quedan cativas que isto medrou e que hai que darlle unha solución pero aí non nos parece a solución con todo o respecto, non nos parece a solución máis axeitada porque nin as cotas nin as pendente o que pasa é que aquí volvemos ao mesmo de sempre, sempre hai unha dobre vara de medir non por parte deste grupo de goberno, deste tripartito



que temos aquí, cando se trata do PP os códigos éticos incumpren non sei que non sei canto, cando se trata do grupo de goberno se poden dar subvencións a asociacións que nin sequera existe, se poden dar cambiar as cotas se fai falta e se pode etc, etc, entón o problema de demagogia como ben dixo a miña compañeira polo miúdo non vou repetir máis veces, demagogia, como de costume. Moitas grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra a señora Victoria Morenza.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Aclararlle ao señor Manuel que por se non o sabe porque non é deste Concello que a piscina leva aberta 13 anos non 20, non 20 anos como di vostede, case sempre se confunde coas datas, cando di que levamos gobernando un ano e medio, cando levamos gobernando un ano e un mes. Dicirlle ao Partido Popular que leccións a este goberno non nos van a dar vostedes porque a idea descabelada de vostedes cando traían esas iniciativas con eses estudos de cotas que non serviron para nada porque vostedes escribiron propuxeron a situación idónea do centro de saúde nun pericouto e agora ten que este goberno buscar solucións para que a cidadanía poida acceder para que centos e centos de persoas de nais que levan, de nais e pais que levan os seus carriños de bebé suban as pendentes e damos solucións e por iso estamos traballando na idea dun ascensor porque damos opcións, non vimos con estudos de cotas, non poñemos os centros de saúde nun pericouto xa lle dixemos nun Pleno que houbéramos unha modificación puntual do plan e houbéramos posto o centro de saúde nun lugar chairo e sábenos vostedes saben que cometeron un erro que quedará aí para a historia de Barbadás. Moitas grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Votos a favor da moción, abstencións, votos en contra. Moitas grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto as abstencións de Democracia Ourensana e os votos en contra de PP o seguinte acordo:

**“ Moción do Grupo Mixto sobre a ubicación da nova piscina municipal: 1- Instar ao grupo de goberno a elaborar un informe exhaustivo no prazo de tres meses sobre a viabilidade de construír unha nova piscina pública nos terreos municipais a carón da autovía A-52 e a estrada de Piñor ao seu paso por Finca Fierro onde se sitúa o actual depósito de auga. 2-Que dito informe, no caso de ser favorable a súa posible execución, indique os pasos a seguir para que dita obra sexa unha realidade no prazo máis breve de tempo. 3-Que dito informe sexa remitido aos distintos grupos municipais no mesmo prazo.”**

### **8- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE BARBADÁS PARA ERRADICAR OS VERTIDOS**





### INCONTROLADOS DO NOSO MUNICIPIO .

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos á última moción do Partido Popular de Barbadás para erradicar os vertidos incontrolados do noso Municipio. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular, neste caso creo que será Manuel

**O sr. Fernández toma a palabra (PP):** Boas tardes a todos e a todas, aínda que xa estamos rematando tamén benvidos ao público e lembrar unha vez máis que o sentido de facer os Plenos a estas horas era para ter concorrencia da veciñanza pero seguimos e seguimos e estamos vendo que cada vez son as mesmas persoas case practicamente estamos en familia entón poremos no seu momento a posibilidade de que se cambie o horario dos Plenos. Paso a comentarvos a moción que traemos hoxe para erradicar os verquidos incontrolados do noso Municipio. A proliferación de verquidos incontrolados constitúe un grave problema ambiental contra o que é preciso loitar dende diversas fronteas para evitar as consecuencias que poidan xerar na contaminación dos solos, nas augas superficiais e acuíferos subterráneos, na contaminación atmosférica, na alteración da paisaxe e incluso na mesma saúde pública. Ata non hai moito tempo o número destes verquidos fora decrecendo en Barbadás, pero nun recente percorrido por distintos lugares do termo municipal, e sen ánimo exhaustivo, puidemos comprobar a existencia de varios deles en lugares dos que non se tiña constancia. Tamén nos comunicaron dende diferentes colectivos a aparición nos últimos meses deste tipo de verquidos nas zonas próximas a diferentes localidades do noso Municipio, como son as inmediacións do Campo do San Roque en Sobrado, Camiño da Castiñeira entre Bentraces e Loiro, Portobarreiros e O Val en Loiro, diferentes zonas de Piñor, a Barxa, Santa Uxía, ou o Barreiro en Bentraces, entre outras. Nalgúns casos, coma neste último, son veciños quen aos poucos os van retirando por atoparse en predios privados. Este tipo de actos aconsellan a adopción de medidas para a limpeza e recuperación deses espazos e, se fose o caso, a reclamación das responsabilidades que se puidesen atribuír. Entre os tipos de verquidos aos que me refiro pertencentes na súa maioría a restos de obras de reformas de vivendas pero tamén outros tipos de restos como electrodomésticos lixo de todo tipo, roupa e demais enseres voluminosos. Ante a constatación da existencia destes verquidos e da necesidade de facerlle fronte canto antes, tendo en conta o "efecto chamada" que estes amoreamentos provocan, dende o Grupo Municipal do Partido Popular de Barbadás propoñemos unha serie de medidas tendentes a contribuír á súa erradicación e que concretamos na presentación ante o Pleno dos seguintes acordos, iniciar cos recursos humanos e materiais do propio concello, unha campaña de detección, eliminación de verquidos incontrolados e, se fose o caso, recuperación dos



terreos afectados ao longo do termo municipal. Proceder á unha clara sinalización deses lugares coa mención expresa á prohibición do verquido, as súas consecuencias legais, as alternativas gratuítas para o depósito e tratamento. Manter unha vixilancia periódica para tratar de identificar e aplicar o oportuno procedemento sancionador, ou cando menos disuadir aos infractores da normativa. Dirixirse ao Servizo de Protección da Natureza (SEPRONA) da Garda Civil para solicitarlle que se incremente aínda máis a colaboración coa Administración municipal nesta materia. Poñer en marcha unha campaña de información sobre a problemática dos verquidos incontrolados, con especial referencia á concienciación sobre o papel da cidadanía na súa resolución, as medidas de que dispón o concello e as consecuencias que para o medio e para os autores teñen estes actos incívicos. Trasladar esta campaña á páxina web do concello indicando a forma de contacto municipal para información e denuncias, e se fose o caso e necesario estudar a posibilidade da elaboración dunha ordenanza municipal para a defensa do medio ambiente, onde se sinalen as infraccións nesta materia e a súa pertinente sanción. A todo isto quero engadir así me gustaría que constase en acta que lles acabo de pasar ante o Alcalde, Tenente de Alcalde, Concelleiros responsables e demais Concelleiros de distintos grupos no seus dispositivos móbiles unha serie de imaxes, de fotografías dun abundante, dun gran algo que temos recopilado das distintas zonas e na que se constata pásovolas así por este medio porque de pouco contribuíríamos á protección do medio ambiente se vos encho agora a moreas de fotocopias, entón penso que é unha medida un pouco máis axeitada para este tipo de mocións.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Ben como non podía ser doutra maneira estamos totalmente de acordo con esta moción, seguramente os primeiros puntos queremos pensar que calquera veciño que chama ao Concello para en moitos casos así a comprobamos directamente pola atópase uns vertidos deste tipo o Concello ponse a mans á obra para retiralos o máis antes posible e proceder á limpeza do lugar. Dicar que o punto número quinto como consecuencia del o sexto do acordo nos parece o máis completo pois é o máis importante é que a cidadanía se conciencie por iso e tan necesaria unha campaña coma a que nós defendemos este ano se lembrar na moción que trouxemos no mes de maio, creo lembrar, para que a creación dun punto limpo como ben di o compañeiro Manuel moitos deste residuos que hai tirados por aí son anacos de pequenas obras ou reformas nas casas, e a xente por moitas veces por falta de información ou de tal sabe que o pode levar a un punto limpo ou incluso falar con algún tipo de construtor que poida levalo a outro tipo de vertedoiros por iso queremos, vamos a seguir defendendo a moción que presentamos de aquelas, cremos necesario que o Concello



debería axudar a tamén á creación dun punto limpo pero non xa só o Concello de Barbadás, senón en común co Concello de Toén, incluso co Concello de A Merca, e sería algo a estudar e importante porque o noso Concello seguimos medrando o Concello de Toén segue medrando, o Concello de A Merca segue medrando e tarde ou cedo vamos a necesitar unha infraestrutura deste tipo porque o que hai en Ourense non logra atender o nivel de veciñanza que hai, ou incluso negociar con Ourense, non existe hoxe unha área metropolitana aquí como existe en Vigo, entón, pero algún tipo de solución lle vai haber que dar a isto. O tema da sinalización levaríanos un pouco a encher as zonas de letreiros claro xa hai aquí 500 metros máis adiante e outro alí, ao final estamos enchendo o monte de letreiros para que non depositen lixo. A vixilancia nestes casos é moi complicada como é tamén no tema de incendios forestais, é case imposible deter ao infractor. Volver a incidir na concienciación e na educación da veciñanza que é o máis importante tanto para que os propios veciños non cometan esas infraccións como son os propios veciños os que ven pasar un coche ou un remolque ou calquera tipo de vehículo que leve este tipo de lixo e o vaia a tirar, entón eses veciños son os que poden coller a matrículas e informar ao Concello para algún tipo de investigación, nese tipo. Polo tanto incidir que é a concienciación e a educación da veciñanza é o máis importante por iso algún tipo de campaña hai que facer neste sentido como nós defendemos tamén naquela moción que presentamos no seu día. Nada máis, si na algún sitio ao mellor dos que sexa habitual que se tiren escombros e se amoreen bastante cantidade deles si que ao mellor algún letreiro hai que colocar, nada máis.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra a señora Julia.

**A sra. Jácome toma a palabra:** Dende Democracia Ourensana estamos de acordo coa moción

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra a señora Victoria Morenza.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Moitas grazas. Dicer que a labor de detección e erradicación de vertedeiros incontrolados é unha constante na labor de calquera goberno e de toda persoa responsable da área de Medio Ambiente, en Barbadás, debería selo de cada veciño, e debe ser tamén dos membros da oposición, hoxe falamos aquí da erradicación dos vertedeiros incontrolados, nunha campaña, nunha moción completa que presenta o Partido Popular coa que coincidimos, pero evidentemente esta labor tense que levar ao longo de todo ano entre todos, entre os 17 Concelleiros e Concelleiras que estamos aquí principalmente, sendo nós os que debemos dar exemplo, pois non só que hoxe traíamos unha moción aquí e que nos esquezamos desta colaboración indirecta que debemos ter porque nós ante calquera alerta da existencia de calquera vertedeiro actuamos ao momento, ou ven chamando ao SEPRONA, ou ben chamando aos servizos municipais para que o retiren. Mesmo hoxe pola mañá



facendo unha ruta de supervisión polas obras que se están acometendo co alcalde, Xosé Carlos Valcárcel, atopamos un verquido recente, de unhas horas, porque persoas que pasaron por alí a primeiras horas da mañá e non o viron, é vertido importante de restos de obra, evidentemente tomaremos as medidas pertinentes sempre como digo avisamos ao SEPRONA, e sempre estamos a alerta, evidentemente pódensenos escapar cousas, pero, en fin nos últimos meses fixemos erradicación de vertedeiros na saída ca Toen, recolléronse e fixéronse dous transportes co vehículo de recollida de enseres, traballos realizados por traballadores do Concello. No Común recolleuse co vehículo de traballadores de Geseco, un vertedeiro incontrolado que levaba alí moitos anos. En Ousande, recolleuse e fíxose un transporte por parte traballadores do Concello, e en San Bieito, recolleuse varias veces, tanto por traballadores do concello como de Geseco, nalgúns lugares puxéronse pedras disuasorias na entrada aos lugares no que se detectou que se repetía o vertido incontrolado de enseres, de sofás, e de todo tipo de restos de obra incluso se presentou algunha denuncia por parte do Concello. No que se coñece como curva dos Eucaliptos estrada do San Bieito, recolleuse tamén con traballadores do Concello, e por debaixo do Común había décadas que levaba un vertido importante de grandes dimensións e que non fora detectado polos anteriores responsables municipais. O Concelleiro de Medio Ambiente pediu naquela ocasión colaboración na área de Medio Ambiente da Deputación a colaboración que lle foi negada dicindo que non era da súa competencia, e non é un reproche simplemente é unha información, tratamos de que exista unha colaboración que nese caso non se deu, igual que cando pedimos a colaboración da Deputación para instalar a iluminación pública na estrada de Piñor e tamén se nos negou dicindo que era competencia municipal a pesar de ser unha estrada de Barbadás. En Barbadás, subindo cara o depósito da auga tamén se recolleron vertidos, tamén se erradicou. En Sobrado, subindo dende Rodeiro cara o Furón tamén foi recollido por Geseco. No Campo do San Roque recollido polo propio responsable da Concellería, Rafael Sierra. En San Roque cara Loiro ( camiño de S. Rosendo ), levaba máis de 5 anos un verquido de rodas de moto e coches, recollidas por Rafael Sierra, Concelleiro de Medio Ambiente. En Fosillón, xunto as antenas tamén recollido por Geseco. En Bentraces, no cruce do campo de fútbol, varias veces tanto Geseco como traballadores municipais. Esta fin de semana apareceron dous novos vertidos en puntos equidistantes, un no Mundideu e en Sobrado, nun deles xa recollido esta mañá polos operarios municipais. Nas pistas forestais do Furón tamén apareceron verquidos hai unhas semanas e foron recollidos polos operarios da brigada de obras. E sospeitosamente uns días antes do rallymix e practicamente no mesmo lugar volveu aparecer outro verquido. Chamámoslle incivismo?.



Denominámolo comodidade?. A denominación pode poñela cada un de nós, pero o que está claro que esta é unha tarefa colectiva, como dixen ao principio. E tanto a cidadanía como a oposición teñen moito que dicir. A primeira palabra debe ser colaboración. É moi sinxelo chamar ao Concello para localizar verquidos, moito máis sinxelo que elaborar unha moción repleta de deberes e boas intencións, que nós compartimos, e que este goberno vai a asumir, pero tamén queremos dicirlle que a nosa preocupación é máxima. Sobre o tema do rally mix que evidentemente apareceu eu pensamos que a persoas puideron haber botado alí os vertidos sabendo que esa zona ía ser supervisada, non estamos culpando a ninguén, sabendo que esa zona ía ser supervisada, estamos dicindo que non estamos culpando a ninguén, señora Consuelo, que esa zona ía ser supervisada e insistiron en botar vertidos durante dúas e tres semanas seguidas, porque sabían que íamos andar por alí para que o recolleran, comodidade, chamémoslle, incivismo, non o sei.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas ten a palabra o señor Manuel.

**O sr. Fernández toma a palabra:** Que quere que lle diga señora Victoria Morenza, fala vostede de colaboración pero esquecese da prevención, vostede mesma acaba de nomear un montón de vertidos nun montón de puntos de todo o Concello e que fixeron vostedes para previr eses temas, non, non hai que erradicar, hai que previr, esa é a palabra, que se esqueceu vostede de pronunciar aquí, parola, parola, parola, traballa por impulsos, coma os paxaros de aquí para alá e que moito quere abarcar, eu entendo que temos que cubrir as carencias cos seus compañeiros de grupo de goberno lle deixan, pero cando un pretende abarcar moito termínase trabucando, nós falamos aquí de propostas para previr, vamos a ver, os propios traballadores do Concello que traballan nestas zonas, ben coa desbrozadora ou ben facendo calquera tipo de obra, poden comunicarse teñen esa orde de dicir, mirade se vedes calquera punto no que existe un vertido poñédeo en coñecemento noso. Señor Padrón por suposto é moi complexo o sinalizar todos os puntos porque incluso non estaría contribuíndo ao entorno pero si que uns sinais específicos e non sería necesario polas en todos os puntos senón a entrada aos acesos, na entrada aos acesos sinalando nesta zona queda totalmente prohibido verter totalmente este tipo de lixos, ademais comunicando incluso as posibles sancións, e do que lles estou a falar previr, nada máis. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Deberamos xa dar por feito que todo o mundo sabe que non pode tirar nada en ningún sitio, non fai falta poñerlle un letreiro para lembrarllo, que o vai en tirar aínda que vexa o letreiro vai ir e tiralo igual. Xa que se falou aquí disto e como antes se nomeou a zona onde



cremos que se pode situar a piscina municipal, dicirlle tamén logo que se o Ministerio de fomento ten a ben informarnos de todo o que se pode facer ou non facer, ou metros e cousas desas, tamén que se pase por alí algún responsable do Ministerio de fomento e vexa como está aquilo, porque está cheo de escombros no seu momento trouxemos unha moción sobre aquela zona para reclamar a ponte que prometera a Deputación de Ourense por haber cortado o camiño da Chouciña, ao pobo de Parada, aquela zona quedou cortada está dixemos tamén que había un problema de escombros alí, dunha empresa que a utiliza como acopio de escombros e despois retira, pero a parte deses escombros hai restos de electrodomésticos, hai restos de todo tipo, ademais que poden pasarse a dar unha volta, non sei se o fixeron porque cando entregamos a moción pola piscina supoño que alguén iría por alí os diferentes grupos irían a mirar o terreo e verían como está aquela zona, nada máis.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra a señora Julia. Nada. Moitas grazas. Ten a palabra a señora Victoria Morenza. Non segunda intervención súa, non?

**A sra. Morenza toma a palabra:** Dicirlle tamén ao señor Ramón Padrón que recentemente non por iso, senón porque fixáramos unha cita con viaqua con membros de viaqua fomos alí facer unha visita xirada si evidentemente estaba había restos de enseres que non procedía precisamente de viaqua, viaqua comprometeuse a retirar a súa parte pero había enseres e accesibilidade a ese lugar en moi fácil, é moi sinxela, entón evidentemente e outros dos vertedeiros nos que queremos e debemos actuar. De prevención fala o señor Manuel quérenos dar unha vez máis leccións os membros do Partido Popular pero mire cando un vertedeiro como por debaixo do Común leva décadas a prevención tamén a terían que aplicar vostedes non a teremos que aplicar nós, e cando outros vertedeiros leva cinco anos e non houbo prevención nin erradicación ao mellor fállanos a prevención precisamente xa lle digo que me aceptamos de bo grado a súa moción no que se refire a sinalización a ter un maior control pero a vostedes falláballe todo a erradicación e a prevención

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Dikir que este é un traballo arduo dende logo no é doado o tema do medioambiente é un tema complicado máis agora cando hai algún político que incluso discrepa sobre o cambio climático, sobre a existencia do cambio climático, ben, benvidos á prevención e á erradicación eu creo que é un traballo de todos, insisto a súa moción está perfectamente exposta está moi ben razoada e cremos que un traballo que temos que facer todos e común, polo tanto creo que é asumida por todo este Concello e tamén transmitirlle o agradecemento por esa moción, pero que todos, todos debemos colaborar neste traballo. Votos a favor. Pois

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “



**Moción do Partido Popular de Barbadás para erradicar os verquidos incontrolados do noso Municipio: 1-Iniciar cos recursos humanos e materiais do propio concello, unha campaña de detección, eliminación de verquidos incontrolados e, se fose o caso, recuperación dos terreos afectados ao longo do termo municipal. 2- Proceder á unha clara sinalización deses lugares coa mención expresa á prohibición do verquido, as súas consecuencias legais, as alternativas gratuítas para o depósito e tratamento. 3- Manter unha vixilancia periódica para tratar de identificar e aplicar o oportuno procedemento sancionador, ou cando menos disuadir aos infractores da normativa. 4- Dirixirse ao Servizo de Protección da Natureza (SEPRONA) da Garda Civil para solicitarlle que se incremente aínda máis a colaboración coa Administración municipal nesta materia. 5- Poñer en marcha unha campaña de información sobre a problemática dos verquidos incontrolados, con especial referencia á concienciación sobre o papel da cidadanía na súa resolución, as medidas de que dispón o concello e as consecuencias que para o medio e para os autores teñen estes actos incívicos. 6- Trasladar esta campaña á páxina web do concello indicando a forma de contacto municipal para información e denuncias. 7- Estudar a posibilidade da elaboración dunha ordenanza municipal para a defensa do medio ambiente, onde se sinalen as infraccións nesta materia e a súa pertinente sanción”**

### PARTE DE CONTROL

#### 9- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos ó seguinte punto da orde do día que é a dación de contas de Resolucións de Alcaldía e posteriormente a rogos e preguntas.

#### 10- ROGOS E PREGUNTAS

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Señor Ramón

**O sr. Padrón toma a palabra:** Rogo ao Pleno que nos transmitiron dende o pobo de As Lamas que é unha zona onde se sobe cara o restaurante O Muiñeiro que hai algún problema coa rede de saneamento, e queremos que se solucione o antes posible esa xente ao parecer é un problema que ben dende hai moitos anos, a solución parece ser que non é fácil pero teremos que ir buscando unha solución o antes posible, tendo en conta que o Concello precisamente está primeiramente para resolver ese tipo de cuestións, o que non pode haber é que unhas augas residuais estean aflorando durante tanto





tempo seguido e entón esperemos que se resolucione canto antes. Nada máis.

**O sr. Alclade toma a palabra:** Moitas grazas. Señora Julia.

**A sra. Jácome toma a palabra:** Pois eu insistir no que dixó aquí o noso compañeiro en que realmente a proposta de cambiar a hora deste Pleno, foi unha idea pantagruélica é un desastre total as cousas cando son un desastre, cando te equivocas o normal é que rectifiquen, o que non podemos facer é que porque un tivera esa feliz idea pois o esteamos todos padecendo de algunha maneira non sei o que teremos facer, a ver se nolo plantexamos entre todos para poder rectificar e vir a un horario máis decente onde poidamos compaxinar vida familiar con isto.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Pódolle responder a isto agora, tomamos nota da súa petición pero o que é certo é que cando se celebraban os Plenos pola mañá neste Concello non había ninguén, pero ninguén, estabamos aquí en branco, agora pola tarde hai público.

**A sra. Jácome toma a palabra:** ¿Público?, hoxe hai público

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Público claro, o público son cidadáns

**A sra. Jácome toma a palabra:** Si, por suposto, claro que si, claro que son cidadáns, non especifique que lle entendín perfectamente. Pero vamos a ver público sería todos así de cheos, non 4 ou 5 humanos sentados alí.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Por favor, o público non pode intervir neste momento, simplemente volvo a incidir, ademais recentemente foi aprobado un regulamento municipal no que contemplamos este horario polo tanto foi o momento de deixar replantexado estas cuestión, e ninguén a plantexou, pero a parte diso volvo a insistir.

**A sra. Jácome toma a palabra:** Pero como que non, claro que si, moitas veces.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non é momento de debater, nese regulamento plantexáronse fundamentalmente dúas cuestión unha delas foi a do voto

**A sra. Jácome toma a palabra:** Pola tarde é que a estas horas é imposible a conciliación familiar

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Modificouse puntualmente non houbo outra cuestión, e ademais cando no momento de aprobar ese regulamento aquí todo o mundo votou a favor, entón, insisto os dous grupos que estamos gobernando agora neste Concello votamos e sempre demandamos, sempre demandamos que os horarios

**A sra. Jácome toma a palabra:** E non se pode rectificar

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pódese rectificar se considerásemos que fora un horario non acaído pero realmente eu vexo hoxe moito máis públicos que outras ocasións cando eran pola mañá.



Podemos tomar nota. Tomamos nota da súa proposta. O Partido Popular por favor.

**O sr. Fernández toma a palabra:** Grazas señor Alcalde. Na memoria descritiva isto vai dirixido a dona Victoria, na memoria descritiva o arquitecto municipal o señor Rapela afirma nos antecedentes que no ano 2000 se inicia a construción das piscinas municipais, eu falei de que preto de 20 anos, cando eu falo vai a misa, nunca teño por norma non dicir cousas gratuítas, creo que o solo desmostrar suficientemente, alégrome de que se ría pero pídolle desculpas públicas, xa sei que eu non teño pedigrí, nacín en Piñor coma vostede, non son de sangue azul pero as miñas orixes non son nada mala, un día explicollo. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Por favor un pouco de educación, ela fixo unha apreciación de que non eran 16 anos nin 20, polo tanto, creo que está no seu dereito a unha réplica e dicilo, e vostede está tamén no seu dereito tamén dicilo de forma educada por favor, 15 anos, pero non son 20 dende logo, está máis cerca 13 dos 15 que 20 dos 15, por favor

**O sr. Fernández toma a palabra:** Vamos a ver eu referíame a que non había por que ter previsión hai 20 anos, case 20 anos, cando se empezaron as piscinas municipais e sigo dicindo no ano 2000 non había porque ter esa previsión de crecemento que se nos esixía, o que pasa é que volvemos ó de sempre hai dúas varas de medir e o que se fai o PSOE é todo moi ético e cando o fai o PP se lle esixe o pedigrí, e non é así, que quede claro que non é así, e se o considera oportuno que se desculpe que é o que ten que facer.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Previsión de crecemento para unha piscina non, pero previsión de crecemento para especular si. Señora Chelo por favor, ou alguén do Partido Popular que queira solicitar a palabra:

**A sra. Vispo toma a palabra:** Grazas señor Alcalde. Vamos a ver nós traemos uns rogos nos vamos agora a cinguir ás farolas, ao lado do parque dos cans hai unha farola que está con cinta de protección civil entón por favor en canto poidan que a arranxen porque aparte alí hai pasean nenos pequenos cos cans. No tramo

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Iso xa está explicado no pasado Pleno ademais, toman vostedes boa nota porque contestouse no pasado Pleno xa.

**A sra. Vispo toma a palabra:** No tramo de Loiro a Bentraces hai dous puntos de luz que tampouco están, nas oficinas municipais faltan outras dúas farolas por iso hai tan pouca luz nesa zona, no parque do Fidalguiño falta outra, e logo o que si vamos a facer un rogo é revisar as obras que vostedes acometen no Concello sexan estradas que vostede fixo aclaracións no periódico dona Victoria, perdón



señor Alcalde refirome a vostede entón, da Deputación, vamos a ver, eu non goberno, aínda que sexa a Deputada de infraestruturas, estou falando eu, entón eu son Deputada de infraestruturas pero eu non estou gobernando, eu, vostedes a súa obriga como Alcalde é chamar á Deputación e dicirlle están dicindo que non hai sinalización, todos subimos hoxe polas Escorregas, sigo dicindo que non hai sinalización visible de luz, vamos a ver, os sinais están a ras, aínda que o faga a Deputación vostede está na obriga como Alcalde deste Concello en vixiar a seguridade, sexa de quen sexa a obra, o que lle vou a rogar é outro rogo a parte deste é que digan a verdade do que pasa, nós fixemos unha denuncia policial, vale, unha denuncia á Policía de aquí de Barbadás ás 5:02, isto foi porque un motorista unha persoa do público preguntábame antes e eu explicáballe un motorista a noite anterior ao non estar sinalizada esa obra ás 10 da noite esvarou e caeu e puido dicir nome e apelido, entón nolo comunicou, nós ao día seguinte eu ás 3 da tarde estaba facendo fotos, funme a miña casa a comer e ás 4 e pico para non interromper á Policía díxenlle se podían saír cos meus compañeiros ás 4 e pico 4 e media estaríamos alí, vostedes poden dar fe porque había unha persoa afin ao seu partido vixiándonos non vou poñer nome por protección de datos, non, non, non é mentira, vixiándonos, todo o rato, entón ás 5:02 púxose esta denuncia e vostedes no periódico por iso quero que aclare vostede, rectifique, porque vostede antes ten fixación con nós que roubamos as cousas, ou que poñemos vertidos, ou que poñemos sabe Deus, vamos a ver, mire temos máis cousas que facer, sumar a este Concello que andar quitando sinais porque ás 3 da tarde vostede pódeme ver calquera, e tamén xa ve que me vixían, entón é imposible que eu roube sinais e que as meta detrás dun coche pero ás 5:02 din no periódico que ás 5 e media que a señora Concelleira, ás 5 e media imposible porque a policía estaba con nós, e que despois ás 6 e cuarto aparecen os sinais, os sinais aparecen ás 7 e media da tarde cando asfaltan, e iso dito polo veciños de alí, porque mire os veciños tamén son dun lado, son do outro, coméntanos as cousas a parte de vixiarnos, porque eu creo que tiñan que vixiarlles a vostedes non a nós. As Escorregas, nós traemos, a ver, o outro día subimos ás comisións e vímolos, e vostede pon que a Deputada de infraestruturas

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Mantéño

**A sra. Vispo toma a palabra:** Teño que poñer eu a sinalización.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Que o manteño, exactamente, e vostede

**A sra. Vispo toma a palabra:** Pero terá que ser o que goberna que o diga a Deputación, non eu, vamos a ver, non eu, é que só me faltaría

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ramón por favor vai dirixido a min esa e rogo responderei eu,



responderei eu e intervirá Victoria, Ramón por favor. O rogo a quen vai dirixido o rogo ao señor Ramón ou a min.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Vamos a ver a denuncia da policía está aquí e isto é verídico por iso tivemos que sacar unha nota de presa hoxe, e La Región cando se lle mandou isto, primeiro hai que verificar os datos, estamos fartos de mentiras, de mentiras como fixación con nós. Outro rogo voulle dicir

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero déixeme que responda primeiro a isto dada relevancia que ten para vostede, mire señora Chelo, a obra das Escorregas é unha obra da Deputación Provincial. Plan de seguridade elaborado pola empresa encargada de facer esas obras foi entregado na Deputación a vostedes quen ten que velar polo cumprimento da seguridade ese viario en primeiro lugar é a empresa, en primeiro lugar, e en segundo lugar o responsable de facer a obra porque se houbera algunha responsabilidade civil subsidiaria por algún tema de algún accidente a quen lle correspondería sería a vostedes, non ao Concello, non o esqueza, a vostedes, concretamente á Deputación, á Deputación, si.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Non é así, pero..

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Señora Chelo vaimo contar a min que traballo niso dende hai 28 anos, vostede terá a súa opinión e eu teño a miña, pero o que é certo

**A sra. Vispo toma a palabra:** ¿Quen é subsidiaria?

**O sr. Alcalde toma a palabra:** A Deputación en todo caso de que haxa un percance por unha negligencia por parte do Concello, da empresa

**A sra. Vispo toma a palabra:** Que non pase nada

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Que non pase nada exactamente, pero o que non se pode tampouco e mentir e botar balóns fóra, polo tanto vostede é Deputada provincial

**A sra. Vispo toma a palabra:** Botounos vostede non eu

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Das Escorregas ningún, para nada

**A sra. Vispo toma a palabra:** Botounos vostedes

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Señora Chelo vostedes recibiron o plan de seguridade da Deputación, vostede é a Deputada provincial de infraestruturas, e esa obra faise dende ese departamento, punto e final, con relación a este tema. Victoria respóndelle por favor ao tema de Vilaescusa.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Para unha maior aclaración desa obra de Vilaescusa causou moitos problemas porque un veciños que vive nun dos edificios ten polo visto un conflito con outro veciño e xa o primeiro que fixo cando acaba de botarse o rego asfáltico non saír e derrapar e facer un burato



que se fixo alí que vostedes ben o viron estaba á vista de todos, tivo que arranxarse entón todo isto é unha concatenación de. Outra cousas quero dicir que os sinais apareceron detrás dun coche cando viñeron os obreiros de comer estaban os sinais, iso é o que se nos di a nós por parte da empresa, e eu pasei e non recordo a que hora, agora se temos que xogar coas horas isto non é un xuízo penso eu entón non me teño que lembrar da hora, entón, por iso, entón o que lle podo dicir, non, pero o que lle podo dicir estou falando eu agora, o que lle podo dicir é que os sinais apareceron por un acto de incivismo detrás dun coche, os sinais estaban alí, alguén as quitou e as tirou atrás dun coche, pola razón que fora, porque se enfadou, porque tropezou con elas, pola razón que fora, estaban detrás dun coche, e confirmounolo a propia Policía Local, a propia Policía Local confirmou que os sinais estaban tiradas detrás dun coche.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Prosigamos cos rogos por favor.

**A sra. Vispo toma a palabra:** O rogo é que revisen as obras igual que na rúa en A Canella, na beirarrúa que se está facendo vamos a ver eu o Partido Popular vai traer unha moción con ese tema, vostede cree que cando chova teñen, vamos ver, vostedes sempre criticaron as beirarrúas que estaban feitas cara abaixo, non, non, si están agora con cargo ao remanente fixérono, si, si, estamos de acordo, pero vamos a ver, iso é unha beirarrúa que cando chova a xente se vai a resbalar por aí, entón o que habería que facer son, é un rogo ou sexa que o miren porque a xente, os veciños de alí están empezando a protestar e comunicáronllo a quen de vostedes, comentárono, entón en tema de escada unha baixada, unha beirarrúa en tema de escada, escada cómoda é moito mellor para que non resbale a xente

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Con relación a ese rogo dicirlle que eu estiven esta mañá alí, con veciños, esta mañá estiven alí, que non había máis que parabéns, non sei con quen falan vostedes

**A sra. Vispo toma a palabra:** Pero vamos a ver, se é que están preguntado onde van a aparcar agora, non me diga que son todos parabéns

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Señora Chelo eu dígolle o que vivín eu esta mañá

**A sra. Vispo toma a palabra:** Si, si, eu tamén, falan con vostede e comigo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Tomamos nota.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Isto é en prol da accesibilidade e da mobilidade non podía baixar un carriño, non podían baixar con persoas con bastón non podían persoas xa por suposto en cadeiras de rodas, non había accesibilidade, ese é un atallo importante en A Valenzá para os rapaces incluso que van día tras días ao colexio Luís Vives e que teñen que ir dar toda a volta porque por aí non poden



baixar cos seus carriños ou mochilas. Mire esa obra ten un plan de seguridade que cumpre os requisitos e evidentemente as losetas son antideslizantes señora Consuelo Vispo non nos veña dando leccións.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Prosiga.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Último rogo, xa vexo que teñan fixación co meu posto na Deputación entón voulle a rogar persoalmente que cando queiran vostedes algo como fixen co señor Fírvida cando necesitou falou comigo ou co señor Rafa e en todo momento presteilles a miña axuda que me leven con vostedes ou fagamos ou que verifiquemos as cousas, eu non teño ningún problema pero de verdade é cansino que vostedes digan que a Deputación é a que ten que axudar, entón, o piden por escrito ou déixeme a min, vamos a ver, dinmo e eu en todo momento voulle a axudar, o que non podo é traer vostedes algo que eu non me entero, si que me entero pero que si non tivera comunicación, non me enteraría nin que vostedes foron á Deputación, que quero saír na foto, en que foto, é que de verdade eu non sei

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vamos a ver o rogo é cara min de novo. Señora Chelo agradézolle o súa ofrecemento. Ramón por favor. Ramón, por favor que lle retiro a palabra que non está no uso dela, señora Chelo agradézolle o seu ofrecemento, agradézolle o seu ofrecemento e tomamos boa nota del, tamén é certo, tamén é certo que esta Deputación Provincial funciona como funciona a través do seu Presidente, entón nós facemos uso das nosas atribucións, ela, vamos a ver, interrompín señor Manuel?, interrompín eu en algún momento?. Vamos a ver

**A sra. Vispo toma a palabra:** As veces que me pediron axuda dinlla, vale.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Agradécémollos, dicir que o sistema de funcionamento desta Deputación.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Non funciona a través do Presidente.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O sistema de funcionamento e darlle diñeiro a algúns e a outros retirarllo ou non darllo, non darllo, o Concello de Barbadás percibiu ao longo 2016, 60.000 de subvencións da Deputación, de axudas da Deputación, outro concello perciben máis, entón nós evidentemente facendo uso das nosas facultades reunímonos co señor Presidente da Deputación, e que dicir ten ou sexa, sobra dicir que vostede, sendo concelleira e voceira do Partido Popular en Barbadás sabe perfectamente cales son as prioridades que precisa este Concello, agradecemos a súa colaboración, o seu ofrecemento, e tomamos boa nota para sucesivos tela informada de cales son as necesidades e que faga a xestión oportuna e tamén o valoraremos no bo e no malo, no que se consiga e



## CONCELLO DE BARBADÁS

no que non se consiga, porque aquí hai concellos que reciben moitos miles de euros, que non teñen a entidade poboacional que ten o noso Concello e outro coma o noso percibe 60.000 €, 50.000 dos cales son xa obrigados por parte da Deputación porque está no Plan provincial, a maiores do Plan provincial recibimos 10.000 € nada máis, e si probablemente fixera vostede unha xestión que, unha subvención 10.000, digo directos, pero non son comparables con outros concellos, do mesmo calado poboacional. Proseguimos.

**O sr. Fernández toma a palabra:** Pois non é por incidir na obra das Escorregas pero simplemente son queixas que nos trasladaron veciños de Sobrado de Bispo, Bentraces e Loiro, e ao mellor é que os sinais foron aparecer detrás dalgún vehículo o día que se cortaron as Escorregas ben fácil e iso ao mellor tampouco lle compete ao Concello sinalizar antes do cruceiro de que a estrada estaba cortada para que os coches se puideran desviar por onde o local social de Barbadás, e saír á xeral, non esperamos a chegar abaixo e logo dar a volta, se cadra tampouco lle corresponde ao Concello sinalizar iso, verdade?, non, non, a empresa sinaliza onde están as obras e non o corte arriba, é un problema de tráfico, non queiran esquivar os bultos que os esquivan moi ben.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Señor Manuel, dicirlle que é certo o que di a señora Victoria en relación a que é a empresa quen ten a obriga inicial de sinalizar, pero que aparte diso interveu Policía local e Protección civil, e habilitaron os medios oportunos onde eles consideraban oportunos. Algunha cuestión máis?

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 22:20 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA XERAL